

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36014672	CEIP Serra-Vincios	Gondomar	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Comunicación e representación da realidade	6º Inf.	8	280

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

## 1. Introducción

Esta programación é unha guía do traballo que se quere realizar ao longo do curso. Hai que ter en conta que pode sufrir modificacións, pois temos que adaptarnos ao ritmo do alumnado, aos acontecementos que puidesen suceder, contratempos, etc. O documento recolle todo o que consideramos necesario para levar a cabo a nosa labor docente e favorecer un bo desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.

A programación da área de Comunicación e Representación da Realidade recolle os elementos curriculares que se traballarán ao longo do curso de 6º de EI co fin máximo de promover nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan comezar a desenvolver ferramentas para comunicarse e interpretar a realidade a través de diferentes linguaxes e formas de expresión como medio para construír a súa identidade, representar a realidade e relacionarse coa contorna e coas demais persoas que a habitan.

Esta programación está deseñada para ser desenvolvida, conxuntamente coas programacións das outras dúas áreas, a través da realización de proxectos de aula formados por diferentes situacións de aprendizaxe (tarefas, propostas e obradoiros). Consideramos fundamental seguir respectando o principio de globalidade á hora de deseñar estas situacións de aprendizaxe, onde se poñan en práctica habilidades e capacidades relacionadas coas tres áreas curriculares.

Para levar a cabo unha concreción dos elementos curriculares levaremos a cabo proxectos que xurdan dos centros de interese que propoñan os propios alumnos.

A temporalización do proxecto é anual e ao longo do curso iremos incidindo nos diferentes centros de interese pero todo versará en torno o mesmo proxecto que surge do proxecto anual de centro que sae proposto da "biblioteca escolar", este curso 23/24, en concreto ten como título "Coidamos o planeta: redución de residuos"

O centro está situado no barrio da Serra, na parroquia de Vincios, pertencente ao concello de Gondomar. Vincios ten arredor de 2.300 habitantes repartidos en 15 barrios: Arcos, Brandufe, Casás, Cernada, Figueiró, A Fraga, Guisande, Hervillás, A Pasaxe, Piñeiro, Rocha, Salgueiro, A Serra, Tumbio e Xián.

O colexio, que data de do ano 1979, consta dun edificio, dun anexo de pista cuberta e de zona exterior de 10.000 m<sup>2</sup>. É un centro de natureza rural, cunha soa liña e que imparte as ensinanzas de Educación Infantil e Primaria. Este curso dispón de sete aulas de Educación Primaria e tres aulas de Educación Infantil que contan cunha profesora de apoio.

O centro dispón de:

- Biblioteca Escolar ben dotada cun amplo potencial dinamizador e incorporada ao Plambe.
- Biblioteca creativa
- Aula de arte, laboratoriorio, este curso debe dedicarse a aula de 2º B, debido a un desdobre.
- Aula de usos múltiples: recuperada este curso debido á construción dun comedor novo, na zona da vivenda do conserxe e cuarto da coidador.
- Aula creativa
- Aula de música
- Aula de inglés
- Aula de relixión: Mestra compartida co CEIP de Donas, ven ao noso centro 3 días á semana.
- Cociña
- Horto escolar con invernadoiro.
- Departamento de Orientación. Orientadora, (este curso en horario completo), a mestra de Pedagogía Terapéutica e a mestra de Audición e Linguaxe, este ano a tempo completo ofrecen un apoio e reforzo moi importante nas aulas e, en concreto, con aquel alumnado con algunhas dificultades específicas. Este curso contamos cunha segunda mestra de PT afin AL, debido á creación dunha aula de atención preferente.
- Aula de Audición e Linguaxe
- Aula de Pedagogía Terapéutica: as mestras fan apoio dentro ou fóra das aulas segundo as necesidades.
- Sala de profesores.
- Sala de dirección.
- Local da ANPA, que compartirá co do coidador, pero en distintos horarios.

Como servizos complementarios, o Centro conta con aula matinal, comedor escolar e transporte escolar.

Este curso escolar o centro conta con 166 alumnos distribuídos en 10 aulas dende 4º EI ata 6º EP. En concreto, a aula de 6º Educación Infantil consta de 18 alumnos/as, 10 nenas e 8 nenos, do que 2 deles son de nova incorporación, e en concreto unha deles nunca estivo escolarizado.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1	1			1	1		
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1	1			1			
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubriendo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.	1		1	1			1	1
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1	1		1				
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1			1				1

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Coidamos o planeta: redución de residuos	Este proxecto traballarase ao longo do curso e será o eixe central da vida da aula. Complementarase a partir de diferentes propostas que terán como centro de interese os seguintes: Así son eu, Artellando, xeitos de vivir, o mundo vexetal, o mundo animal e onde eu vivo. Aquí atoparemos actividades relacionadas coas linguaxes coma medio de comunicación (assembleas, búsquedas de información, uso de medios dixitais, exposición de traballos en equipo...) de expresión (conciencia fonolóxica, emprego de diferentes	120	X	X	X

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Coidamos o planeta: redución de residuos	soportes) e de relación social (pautas de convivencia, autoregulación emocional...)). Terán cabida nestas propostas todas as actividades que realizaremos de presentación de novos integrantes da clase, de dinámicas de cohesión de grupo, elaboración das normas da clase en gran grupo, rutinas, posta en común das asembleas... e todo aquilo que se repita ao longo do curso para favorecer as aprendizaxes máis básicas e elementais.	120	X	X	X
2	Coñézome / Así son eu	Nesta categoría poderemos encadrar proxectos onde a alumna ou alumno parta do autocoñecemento. Poderemos levar a a cabo proxectos relacionadas co corpo humano, as súas funcións, singularidades, diversidade persoal, igualdade de xénero, coñecemento e expresión de emocións... Levaremos a cabo propostas centradas na expresión de sentimentos, descricións de persoas, adquisición de vocabulario inclusivo, xogos de palabras e rimas...	20	X		
3	Arte-llando.	Nesta categoría incluiremos os proxectos adicados ao coñecemento e expresión de diferentes manifestacións artísticas, en calquera das linguaxes disponibles para o noso alumnado. As diferentes linguaxes (oral, escrita, corporal, musical, plástica, e audiovisual) cobrarán gran importancia nos proxectos dentro desta categoría, así como as transferencias entre eles.	40	X		
4	Xeitos de vivir.	Nesta categoría encadramos proxectos adicados a coñecer un momento da historia, xa sexa presente, pasado ou futuro, un pobo ou grupo social concreto, persoas históricas, así como profesións... Levaranse a cabo propostas centradas en pequenas investigacións, recopilación e comunicación da información obtida, elaboración de materiais de difusión...	20		X	
5	O mundo vexetal.	Nesta categoría traballaremos proxectos relacionados co mundo vexetal, xa sexa a través do coñecemento dos principais elementos da natureza, traballando na horta, descubrindo aspectos da agricultura... As actividades que primarán nesta categoría serán de adquisición de novo vocabulario, descrición dos pasos para levar a cabo diferentes accións, a descrición de procesos e fenómenos naturais...	20		X	
6	O mundo animal.	Nesta categoría incluímos os proxectos adicados a un animal, ou a un conxunto deles, a unha especie, a un contexto ou hábitat, a relación cos seres humanos... As actividades que primarán nesta categoría serán de adquisición de novo vocabulario, descrición de animais segundo as súas características singulares, así como a descrición do seu hábitat, elaboración de presentacións sinxelas para presentar información...	20			X
7	Onde eu vivo	Nesta categoría poderemos levar a cabo proxectos relacionados coa contorna do alumnado, tanto a máis próxima, coma a relación que poida ter con outras.	40			X

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Onde eu vivo	Tamén o traballo relacionado coa cultura, o patrimonio, as expresións culturais e máis aspectos relacionados. Primarán as actividades de consulta de fontes de información sobre diferentes temas para poder elaborar diferentes produtos que difundan e promocionen o patrimonio cultural en ambas linguas oficiais.	40			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Coidamos o planeta: redución de residuos	120

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Fai achegas coherentes ás conversas en grupo.	TI
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Recoñece, comprende e emprega algunha palabra en ambas linguas oficiais.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Participa en interaccións comunicativas en lingua estranxeira a través de actividades que combinan linguaxe oral e movemento.	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Emprega a linguaxe para chegar a acordos cos demais para satisfacer as súas necesidades e desexos	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Fai uso da biblioteca valorándoa como fonte de información e como fonte de pracer e participa activamente nas actividades propostas.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Explora as posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais (papel, cartolina, plastilina, témperas,...) nas actividades cooperativas, respectando aos membros do equipo.	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Coñece, acepta e respecta as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma.</li> <li>- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.</li> <li>- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.</li> <li>- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.</li> <li>- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.</li> <li>- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.</li> <li>- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.</li> <li>- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Coñézome / Así son eu	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Amosa iniciativa por experimentar con diferentes materiais para expresarse nos diferentes contextos. Comparte a súa interpretación de representacións ou manifestacións artísticas aos compañeiros.	TI
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Participa en interaccións comunicativas en lingua estranxeira a través de actividades que combinan linguaxe oral e movemento.	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Emprega a linguaxe para chegar a acordos cos demais para satisfacer as súas necesidades e desexos	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa en actividades de danza e dramatización movendo o corpo de xeito libre e dirixido expresando emocións.	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	Participa en actividades de expresión corporal libre individuais e colectivas.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse corporalmente, empregando o corpo, o movemento, a cara e a postura.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comunicación interpersoal: empatía e asertividade.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.</li> <li>- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.</li> <li>- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.</li> <li>- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.</li> <li>- Uso do baile e da danza como medios de expresión.</li> <li>- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Arte-llando.	40

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Participa en interaccións comunicativas en lingua estranxeira a través de actividades que combinan linguaxe oral e movemento.	TI
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Emprega a linguaxe para chegar a acordos cos demais para satisfacer as súas necesidades e desexos	
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	Participa con interese en actividades expresivas empregando diferentes linguaxes para comunicarse.	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre producións dos demais, expresando a súa valoración de xeito empático e respetuoso.	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas e culturais onde reflexa a súa imaxinación.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É quen de expresarse musicalmente, empregando a voz, o corpo e instrumentos musicais, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.</li> <li>- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.</li> <li>- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.</li> </ul>



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.</li> <li>- Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos.</li> <li>- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.</li> <li>- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.</li> <li>- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.</li> <li>- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.</li> <li>- Respecto polas producións alleas.</li> <li>- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Xeitos de vivir.	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	TI
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Participa en interaccións comunicativas en lingua estranxeira a través de actividades que combinan linguaxe oral e movemento.	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Emprega a linguaxe para chegar a acordos cos demais para satisfacer as súas necesidades e desexos	
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	É quen de expresarse oralmente, empregando oracións máis elaboradas, unha boa articulación, cun maior vocabulario...nun discurso, a partir de creacións feitas noutras linguaxes, .	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	Intentan expresarse de xeito escrito, empregando signos, palabras a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É quen de identificar, diferenciar e clasificar palabras segundo as súas características.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Participa nas actividades e xogos amosando capacidade para percibir e discriminar diferentes sons.	

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Amosa iniciativa por experimentar con diferentes materiais para expresarse nos diferentes contextos . Comparte a súa interpretación da manifestacións artísticas aos compañeiros.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa en actividades de danza e dramatización movendo o corpo de xeito libre e dirixido expresando emocións.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre as interpretacións dos demais, expresando a súa valoración de xeito empático e respetuoso.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima.</li> <li>- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.</li> <li>- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.</li> <li>- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.</li> <li>- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.</li> <li>- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.</li> <li>- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.</li> <li>- Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación.</li> <li>- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.</li> <li>- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.</li> <li>- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.</li> <li>- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.</li> <li>- Respecto cara ás producións alleas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	O mundo vexetal.	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Participa en interaccións comunicativas en lingua estranxeira a través de actividades que combinan linguaxe oral e movemento.	TI
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Emprega a linguaxe para chegar a acordos cos demais para satisfacer as súas necesidades e desexos	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Participa nas actividades e xogos amosando capacidade para percibir e discriminar diferentes sons.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.</li> <li>- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.</li> <li>- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	O mundo animal.	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Participa en interaccións comunicativas en lingua estranxeira a través de actividades que combinan linguaxe oral e movemento.	TI
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Emprega a linguaxe para chegar a acordos cos demais para satisfacer as súas necesidades e desexos	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Participa nas actividades e xogos amosando capacidade de percibir e discriminar diferentes sons.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Participa en actividades dramáticas e musicais asumindo roles e utilizando instrumentos e recursos.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	Participa con interese en actividades expresivas plásticas.	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Comparte espontaneamente a súa interpretación de representacións ou manifestacións artísticas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.</li> <li>- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.</li> <li>- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.</li> <li>- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.</li> <li>- Planificación da acción en producións plásticas.</li> <li>- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.</li> <li>- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	Onde eu vivo	40

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Valora, recoñece e emprega algunha particularidade lingüística da contorna próxima.	TI
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Participa en interaccións comunicativas en lingua estranxeira a través de actividades que combinan linguaxe oral e movemento.	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Emprega a linguaxe para chegar a acordos cos demais para satisfacer as súas necesidades e desexos	
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É quen de identificar, diferenciar e clasificar palabras segundo as súas características ( número de sílabas, palabras simples e compostas...)	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito autónomo.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Participa en actividades dramáticas e musicais asumindo roles e utilizando instrumentos e recursos.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Amosa iniciativa por expresar a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación de intercambio comunicativo.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	Realiza obras plásticas, empregando diferentes técnicas e materiais de xeito libre e dirixido, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse corporalmente empregando o corpo, o movemento, a cara e a postura.	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Comparte espontaneamente a súa interpretación de representacións ou manifestacións artísticas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.</li> <li>- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.</li> <li>- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.</li> <li>- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.</li> <li>- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.</li> <li>- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.</li> <li>- Planificación da acción en producións plásticas.</li> <li>- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.</li> <li>- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.</li> <li>- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Na área que nos atopamos (CRR) sempre deberemos ter en conta a concepción positiva da infancia ao respecto das súas múltiples potencialidades comunicativas, e como aula e escola deberemos dar resposta creando as condicións para que as diferentes linguaxes se desenvolvan plenamente, sen considerar a ningunha por enriba das demais. Teremos sempre en consideración o deseño de situacións de aprendizaxe relativas aos intereses das nenas e dos nenos que respecten a necesaria transferencia dunhas linguaxes a outras, combinando as diferentes técnicas, recursos e materiais propios de cada unha para un mellor autoconhecimento e comprensión da realidade. O emprego de diferentes linguas, con especial énfase nas da súa contorna, incorporadas ás rutinas cotiás xogos ou cancións que permitan a inmersión con naturalidade nos distintos códigos lingüísticos do mundo global que os rodea. Toda proposta pedagóxica ten que enmarcar nunha metodoloxía concreta, tendo claros os principios metodolóxicos que imos seguir e compartir co resto dos protagonistas do proceso educativo. Estes aspectos deben estar contemplados e ser coherentes cos diferentes documentos curriculares e organizativos do centro, co contexto e coas características do alumnado.

Como mencionei anteriormente, imos traballar a través de proxectos, un método pedagóxico que contribúe enormemente ao desenvolvemento das competencias básicas, moi vinculadas tamén as intelixencias múltiples de Howard Gardner, e que pode ser suceptible a cambios ao longo do proceso para adaptarnos as necesidades dos

alumnos. Traballaranse as competencias básicas e as distintas intelixencias mediante actividades significativas e funcionais que poidan aplicarse á vida cotiá e implique a resolución de problemas na práctica: ¿aprender a aprender¿ e ¿aprender facendo¿. É moi importante aprender a mobilizar e usar os coñecementos, e o faremos a través da aprendizaxe por proxectos, establecendo rutinas e traballando tamén por recunchos.

Traballaremos partindo dos intereses, motivacións e coñecementos previos do alumnado, construíndo unha aprendizaxe significativa (Ausubel), modificando os esquemas de coñecemento do alumnado a través dun enfoque globalizador (Decroly) mediante o que iremos planteando pequenos retos alcanzables que se sitúen na zona de desenvolvemento próximo (Vigotsky), favorecendo así a autoestima.

Tamén temos que ter en conta as orientacións metodolóxicas do Decreto 150/2022 do 8 de setembro, debemos ter en conta outros aspectos como o papel do profesorado, que será o de facilitarlle ao neno as ferramentas, contidos, e mediar no proceso de ensino-aprendizaxe, estimulando os procesos físicos, cognitivos, afectivos, sociais e lingüísticos. Como sinala Mari Carmen Díez Navarro, ¿hai que explicar, acompañar, escoitar as súas dúbidas, opinións, emerxencias e as súas inquietudes. Hai que invitalos a que se miren con estima e confíen en sí mesmos¿. E iso faremolo ofrecéndolles ambientes estimulantes que mobilicen os seus desexos de aprender e participar, e ter altas expectativas nas súas posibilidades, así como preparar aos nenos/as para o fracaso e error.

Ademais dos proxectos de aula, a nivel de centro levarase a cabo un proxecto anual titulado: COIDAMOS O PLANETA: REDUCCIÓN DE RESIDUOS onde poderemos integrar todos os proxectos que levaremos a cabo durante todo o curso e que relacionaremos coas diferentes conmemoracións marcadas no calendario escolar.

Seguindo co traballo realizado o ano pasado seguiremos empregando o Aprendizaxe cooperativo na aula. Ao longo das actividades empregaremos dinámicas individuais, de parella, grupos ou equipos (fomentando o traballo colaborativo e cooperativo) e de gran grupo.

#### PLANIFICACIÓN DO PROXECTO

Como programación baséase en proxectos de investigación que son flexibles partindo dos intereses dos nenos teremos en conta os seguintes fundamentos pedagóxicos e seguiremos unha secuencia predeterminada para acadar os obxectivos propostos nesta programación.

Fundamentos pedagóxicos.

Con respecto aos fundamentos pedagóxicos nos que podemos dicir que se basa o traballo por proxectos, éstos serían os seguintes:

O alumno/a como protagonista da súa aprendizaxe.

Desenvolvemento individual cara as operacións lóxicas e formais.

Constructivismo na linguaxe.

Establecemento de relacións significativas entre os coñecementos previos e os novos coñecementos.

Agrupamentos que fomenten a comunicación.

Globalización.

Observación e experimentación propias.

O xogo como método de aprendizaxe.

Aprender a pensar.

Ambientes cálidos, acolledores e seguros.

Diversidade de materiais.

Organización do tempo (rutinas) e dos espazos (recunchos, obradoiros...).

Fomento da autonomía persoal e a creatividade.

Flexibilidade nos espazos e nos tempos.

Colaboración familia-escola.

Cooperación e participación entre a comunidade educativa.

#### FASES DUN PROXECTO

Pódese dicir que todo proxecto de traballo estrutúrase en seis fases fundamentais:

Fase 1.- Qué sabemos (ideas previas) e qué queremos saber (preguntas que nos facemos).

Fase 2.- Búsqueda de información: en libros, contos, revistas, internet, preguntas aos nosos maiores, videos e partir de ahí establecemos

- Obxectivos

- Tempos e espazos

- Recursos

- Actividades

- Recursos

Fase 3.- Realización das actividades.

Fase 4.- Síntese ¿ Itinerario: recapitulación do traballo e elaboración dos dossier.

Fase 5.- Avaliación: da mestra/e; dos nenos/as; de outros.

- Deben estar moi presentes no deseño das actividades os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, ofertando dentro dunha mesma actividade, diferentes maneiras de acceder a información, diferentes xeitos de expresarse, e diferentes maneiras de motivar ao alumnado.
- Para conseguir máis significatividade nas aprendizaxes do alumnado empregaremos estratexias que axuden a conseguilo seguindo os principios básicos da neuroeducación no que di que o alumnado ten que sentir interese polo tema para activar as súas conexións neuronais. Isto irá acompañado de actividades que faciliten a capacidade de aprender do noso alumnado tales como rutinas de pensamento, esquemas visuais...
- Nesta programación empregárase un enfoque activo á hora de deseñar as actividades, buscando sempre que as persoas alumnas sexan as protagonistas activas das súas aprendizaxes. Ofreceranse sempre actividades onde se desenvolvan diferentes tipos de habilidades e capacidades. Para acadalo empregaremos unha organización espacial acorde que permita levar a cabo diferentes propostas á vez e que o alumnado teña variedade para realizar. Destacarán os ambientes de aprendizaxe, recunchos, estacións de traballo...
- O traballo con ferramentas tecnolóxicas estará sempre orientado cara o emprego destas como xeradoras de contidos e non transmisoras pasivas de información. O alumno se iniciará no seu emprego de forma transversal pero sempre dende unha maneira responsable, respectando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas: Ordenador de aula, tablet de aula, proxector, conexión a internet, robots (escornabot, ozobot), reprodutor musical
Material funxible: convencionais e non convencionais
Material sensorial: mesa de luz, bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...)
Material visual: carteis, bits, láminas...
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes...
Material curricular: Currículum, P.E....
Material artístico: pinturas, plastina, refugallo, teatro de sombras, luz negra, kamisibai, títeres...
Material de psicomotricidade: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, táboas de equilibrio...
Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...
Material de xogo simbólico
Comunidade educativa ( Alumnado, persoal docente e non docente, familias ) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas,etc)
Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea (parques, biblioteca Concello, etc)
Instrumentos musicais.
Aula creativa

Os materiais tanto da aula como dos obradoiros serán variados, asequibles, motivadores, adaptados á idade do meu alumnado, hixiénicos, non tóxicos e seguros. Estes materiais serán comprados polo centro e destinados ao aula, comprados polos pais, cedidos polos nenos e nenas, fabricados na aula...

Haberá material funxible e material non funxible, audiovisual e material de refugallo. O material dos recunchos estará clasificado en función das actividades realizadas dentro deles.

Non traballamos con material impreso ( libro de texto). Elaboraremos o noso propio material: debuxos, libros-proxecto, presentacións en Power Point ou Movie Maker, todo de maneira grupal, colaborativa e nalgúns casos cooperativa.

Hai que sinalar que dentro dos recursos espaciais teremos reservada a cociña, a aula de música, a aula de usos múltiples e a aula creativa para realizar as experiencias o longo do curso.

No caso da sesión de inglés este ano os alumnos quedarán na aula.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será entendida como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, na primeira unidade do curso se levará a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicáis, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno

Esta información será consensuada con todo o profesorado que imparte docencia neste grupo nunha sesión de avaliación realizada no mes de outubro, seguindo as instrucións remitidas por inspección educativa

É importante subliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temperá das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado polo maestro/a.

### Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade, como se recolle na Lei Orgánica de Educación( LOE e LOMLOE) , son un conxunto de medidas, ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, así como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado, se porá especial atención a finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características persoais do noso grupo e alumnado, así como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo así un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade , igualdade de oportunidades, colaboración e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado (apps para estimulación da linguaxe, razoamento lóxico matemático, preprogramación, atención,etc).

Todos os nenos e nenas son diferentes entre eles, é o natural e o enriquecedor da sociedade. Hai diferencias en diferentes ámbitos: a nivel de capacidade, de motivación, de interese, situación social, diferencias que se atenden na aula, e sobre as que se intervén pedagoxicamente.

Dentro da diversidade da aula, tense constancia de alumnos/as que presentan necesidades específicas de apoio



educativo, as medidas a levar a cabo con este alumnado será o reforzo educativo que realizará a titora, a mestra de apoio, a especialista en PT e a mestra de AL, dentro da aula ordinaria. Só nalgún caso específico a mestra de AL realizará algunha intervención fóra da aula para traballar de maneira individualizada aspectos moi concretos e que pola súa complexidade precisa dun clima de traballo máis tranquilo e específico. Esta etapa ten unha importante función de detección precoz e compensadora de dificultades, polo que en caso de detectar algún aspecto salientable tería que levar a cabo as pautas establecidas por lei.

Adequaremos sempre a estrutura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, e levaremos a cabo medidas como:

- Organizar o aula de forma accesible, adecuaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, curriculares e de movemento.
- Adequar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as liñas marcadas no P.E. do centro, seguindo os principios do DUA e propoñendo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de este alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado utilizando diferentes apps para estimulación da linguaxe, o razoamento e a atención.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicacións curtas. Emprego de pictogramas
- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuais como pictos e axendas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Diseñar propostas didácticas seguindo o modelo TEACCH
- Evitar tarefas repetitivas sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer conductas disruptivas ou inadecuadas, a non ser o caso de aqueles alumnos que polas súas necesidades facer este tipo de actividades para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferencias.
- Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base as súas capacidades levando a cabo propostas SEM para aquel alumnado que o necesite.
- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Intervir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, servicios sanitarios, sociais, etc).
- Empregar equipos heteroxéneos para facilitar o modelado e crear lazos afectivos entre eles e así mellorar o seu rendemento o verse partícipes das actividades.

É importantísima a figura da mestra de apoio na aula para realizar un traballo máis enriquecedor e poder realizar pequenos agrupamentos que traballen cun alto rendemento grazas á atención de dúas mestras. Por suposto, a aplicación do traballo cooperativo sería inviable sen a axuda e atención de dúas mestras traballando co grupo na aula.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional	X	X	X				
ET.2 - Hábitos de control corporal.	X	X					
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social.	X	X		X			X
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos.	X				X	X	

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.5 - Educación para o consumo responsable.	X		X		X		
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos.	X	X		X			X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Contacontos.	Durante o curso invitaremos ás familias do alumnado para que veña a realizar un contacontos na biblioteca do centro ou na aula.	X	X	X
Obradoiros internivel	Ao longo do ano realizaremos, con motivo das conmemoracións ou outras actividades que consideremos de relevancia, obradoiros internivel, mesturando os alumnos das 3 aulas de infantil para realizar algunha actividade manipulativa máis específica e con menos nenos no grupo/clase. Un exemplo pode ser a vendima, obradoiros de cociña do Samaín, obradoiros de arte ...	X	X	X
Actividades de artes escénicas	Ao longo do curso realizaremos polo menos unha saída para disfrutar dalgunha actividade artística: musical, títeres, teatro...	X	X	X
Saída de fin de curso	Actividade lúdica para descubrir a contorna e para conmemorar o final de curso.			X
Obradoiros solidarios	As familias xunto co alumnado poderán levar a cabo diferentes obradoiros cun fin solidario: confección de agasallos para levar ao Centro de Día, doación de libros, recollida de roupa ou tapóns, etc		X	
Visita de persoa experta	Durante o proxecto invitaremos a familiares do alumnado para que actúen como expertos na materia que estamos a traballar.	X	X	X
Conmemoracións e festas	A comunidade educativa poderá planificar e participar en distintas celebracións ao longo do curso.	X	X	X
Visitas pola parroquia	Realizaremos visitas pola nosa contorna máis cercana para coñecela.	X	X	X
Saída de campo	En cada proxecto realizaremos unha saída para afondar no traballo na aula.	X	X	X
Proxectos medioambientais	Poderanse participar en proxectos baseados na recuperación e defensa da natureza	X	X	X

### Observacións:

Nesta, como en todas as programacións, teranse en conta as actividades complementarias propostas dende os diferentes equipos do Centro, de xeito que os contidos da disciplina sexan traballados no desenvolvemento das mesmas.

Os equipos que funcionan no centro son:

Equipo de Dinamización da Biblioteca Escolar: Apadriñamentos lectores, Contacontos, A Aventura de ler, Semana da prensa, Itinerarios lectores, Mochila viaxeira

Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares: Samain, Magosto, Día da Paz...

Equipo de Dinamización da Lingua Galega: Glosario sobre a temática anual, Festival de Panxoliñas e das Letras Galegas, O Xornaliño (revista escolar)...

Equipo Tics : Iniciación a robótica co proxecto Escornabots e obradoiros internivel fomentando actividades STEAM a través do proxecto de Polos Creativos

Equipo de aprendizaxe cooperativa: acompañamento e formación nas técnicas de aprendizaxe cooperativa.

Por outra banda, as saídas propostas ao comezo do curso (incluídas na Programación Xeral Anual do Centro) tamén forman parte do traballo diario, pois sempre se fai un traballo previo e un traballo posterior sobre elas. Ademais fanse as saídas propostas polo claustro para realizar xunto con todos os alumnos do Centro (magosto, saída fin de curso ).

As actividades momeadas arriba son algunhas das que se realizarán na aula, que partan do propio proxecto de aula ou do ciclo/ centro.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Deseño das actividades adecuadas ao alumnado
Elementos curriculares presentes nas actividades.
Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados.
Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades.
Utilízase diversidade de materiais para accederá información, para expresarse e para fomentar a motivación.
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
Temporalización de actividades adecuada.
Empréganse diversos recursos didácticos.
Existe coordinación co equipo docente.
Promóvese a participación das familias.
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas.
Individualización do proceso ás características de cada alumna/o.

#### Descrición:

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso posibilitando modificacións e melloras.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada trimestre.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36014672	CEIP Serra-Vincios	Gondomar	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Crecedemento en harmonía	6º Inf.	8	280

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

## 1. Introducción

A programación da área de Crecemento e Harmonía recolle os elementos curriculares que se traballarán ao longo do curso de 6º de EI co fin de que os nenos e as nenas coñezan, dominen e coiden o seu propio corpo. Esta construción involucra diversas dimensións interdependentes, como o desenvolvemento e a valoración propia, a autonomía, a identidade ou a convivencia.

Esta programación está deseñada para ser desenvolvida, conxuntamente coas programacións das outras dúas áreas, a través da realización de unidades didácticas entendidas como proxectos de aula formados por tarefas, actividades e exercicios. Consideremos fundamental seguir respetando o principio de globalidade á hora de deseñar situacións de aprendizaxe, onde se poñan en práctica habilidades e capacidades relacionadas coas tres áreas curriculares.

Para levar a cabo unha concreción dos elementos curriculares que irán en cada unidade ou proxecto adaptable a diferentes realidades de aula, establecemos categorías xerais que actuarán coma centro de interese orientativo, pero que cada mestra ou mestre poderá adaptar a un tema máis concreto, sempre favorecendo que xurdan dos intereses das nenas e nenos.

A temporalización das unidades didácticas proposta é orientativa e poderá ser modificada tendo en conta as realidades educativas da aula. A temporalización do proxecto é anual e ao longo do curso iremos incidindo nos diferentes centros de interese pero todo versará en torno o mesmo proxecto que xurde do proxecto anual de centro que sae proposto da "biblioteca escolar", este curso 23/24, en concreto ten como título "Coidamos o planeta: redución de residuos"

O centro está situado no barrio da Serra, na parroquia de Vincios, pertencente ao concello de Gondomar. Vincios ten arredor de 2.300 habitantes repartidos en 15 barrios: Arcos, Brandufe, Casás, Cernada, Figueiró, A Fraga, Guisande, Hervillás, A Pasaxe, Piñeiro, Rocha, Salgueiro, A Serra, Tumbio e Xián.

O colexio, que data de do ano 1979, consta dun edificio, dun anexo de pista cuberta e de zona exterior de 10.000 m<sup>2</sup>. É un centro de natureza rural, cunha soa liña e que imparte as ensinanzas de Educación Infantil e Primaria. Este curso dispón de sete aulas de Educación Primaria e tres aulas de Educación Infantil que contan cunha profesora de apoio.

O centro dispón de:

- Biblioteca Escolar ben dotada cun amplo potencial dinamizador e incorporada ao Plambe.
- Biblioteca creativa
- Aula de arte, laboratoriorio, este curso debe dedicarse a aula de 2º B, debido a un desdobre.
- Aula de usos múltiples: recuperada este curso debido á construción dun comedor novo, na zona da vivenda do conserxe e cuarto da coidador.
- Aula creativa
- Aula de música
- Aula de inglés
- Aula de relixión: Mestra compartida co CEIP de Donas, ven ao noso centro 3 días á semana.
- Cociña
- Horto escolar con invernadoiro.
- Departamento de Orientación. Orientadora, (este curso en horario completo), a mestra de Pedagogía Terapéutica e a mestra de Audición e Linguaxe, este ano a tempo completo ofrecen un apoio e reforzo moi importante nas aulas e, en concreto, con aquel alumnado con algunhas dificultades específicas. Este curso contamos cunha segunda mestra de PT afin AL, debido á creación dunha aula de atención preferente.
- Aula de Audición e Linguaxe
- Aula de Pedagogía Terapéutica: as mestras fan apoio dentro ou fóra das aulas segundo as necesidades.
- Sala de profesores.
- Sala de dirección.
- Local da ANPA, que compartirá co do coidador, pero en distintos horarios.

Como servizos complementarios, o Centro conta con aula matinal, comedor escolar e transporte escolar.

Este curso escolar o centro conta con 166 alumnos distribuídos en 10 aulas dende 4º EI ata 6º EP. En concreto, a aula de 6º Educación Infantil consta de 18 alumnos/as, 10 nenas e 8 nenos, do que 2 deles son de nova incorporación, e en concreto unha deles nunca estivo escolarizado

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.	1				1	1	1	
OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva	1	1			1	1	1	1
OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable			1	1		1	1	1
OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos						1	1	1

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Coidamos o planeta: redución de residuos	<p>Este proxecto traballarase ao longo do curso e será o eixe central da vida da aula. Complementarase a partir de diferentes propostas que terán como centro de interese os seguintes: Así son eu, Artellando, xeitos de vivir, o mundo vexetal, o mundo animal e onde eu vivo.</p> <p>Aquí atoparemos actividades relacionadas co desenvolvemento do corpo e o manexo de útiles. Terán cabida neste proxecto todas as actividades que realizaremos de movemento e control do corpo, motricidade fina, coordinación óculo manual, ademais de todo aquilo que se repite ao longo do curso para favorecer as aprendizaxes máis básicas e elementais por parte do alumnado.</p>	120	X	X	X



UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Coñézome/ Así son eu	Nesta categoría poderemos encadrar proxectos onde a alumna ou alumno parta do autoconhecimento. Poderemos levar a a cabo actividades relacionadas co corpo humano, as súas funcións, singularidades, diversidade persoal, igualdade de xénero, coñecemento e expresión de emocións...	20	X		
3	Arte-llando	Nesta categoría incluiremos os proxectos adicados ao coñecemento e expresión de diferentes manifestacións artísticas, en calquera das linguaxes disponibles para o noso alumnado. A través das actividades programados coñeceremos sensacións, emocións,... e buscaremos o progresivo control dos diferentes útiles.	40	X		
4	Xeitos de vivir	Nesta categoría encadramos proxectos adicados a coñecer un momento da historia, xa sexa presenta, pasado ou futuro, un pobo ou grupo social concreto, persoas históricas, así como profesións... Desenvolveráanse actividades de xogo simbólico para a comprensión de outros xeitos de vivir.	20		X	
5	Mundo vexetal	Nesta categoría traballaremos proxectos relacionados co mundo vexetal, xa sexa a través do coñecemento dos principais elementos da natureza, traballando na horta, descubrinto aspectos da agricultura... Programaranse actividades que teñan coma finalidade o coidado e o respecto pola contorna natural.	20		X	
6	Mundo animal	Nesta categoría incluímos os proxectos adicados a un animal, ou a un conxunto deles, a unha especie, a un contexto ou hábitat, a relación cos seres humanos. Buscaremos información sobre a forma de desprazarse dos animais, a súa alimentación ou reprodución en comparación coas nosas.	20			X
7	Onde eu vivo	Nesta categoría pódese incluír proxectos relacionados coa contorna do alumnado, tanto a máis próxima, coma a relación que poida ter con outras. Tamén o traballo relacionado coa cultura, o	40			X

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Onde eu vivo	patrimonio, as expresións culturais e máis aspectos relacionados. As actividades irán encamiñadas á valoración e o respecto a nosa realidade.	40			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Coidamos o planeta: redución de residuos	120

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Controla o seu corpo en diferentes posturas e situacións motrices.	TI
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal	Realiza a representación do seu corpo con detalle e identifica as súas diferentes partes coas súas características.	
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Axusta os seus movementos e habilidades manipulativas ao xogo dirixido e espontáneo. amosando cada vez máis control	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Xestiona as súas emocións expresando os seus sentimentos.	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Resolve conflitos de forma positiva valorando os intereses dalgunhas persoas implicadas	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecerlas.	Participa en actividades culturais mostrando interese por coñecerlas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas.</li> <li>- Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais.</li> <li>- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.</li> <li>- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.</li> <li>- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.</li> <li>- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.</li> <li>- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.</li> <li>- Asentamentos e actividades da contorna.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Coñézome/ Así son eu	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Controla o seu corpo en diferentes posturas e situacións motrices.	TI
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal	Realiza a representación do seu corpo con detalle e identifica as súas diferentes partes coas súas características.	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa con destreza útiles segundo as necesidades de cada situación, e mellora as habilidades de carácter fino ( prensión, control óculo-manual, ...).	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Progresa na xestión das súas emocións e sentimentos.	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva proponendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Resolve conflitos de forma positiva valorando os intereses dalgunhas persoas implicadas	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecerlas.	Participa en actividades culturais mostrando interese por coñecerlas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á</li> </ul>

**Contidos**

- toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas.
- Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais.
- Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas.
- Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións.
- Avance e control progresivo da motricidade fina.
- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.
- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.
- Asentamentos e actividades da contorna.

UD	Título da UD	Duración
3	Arte-llando	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Axusta os seus movementos e habilidades manipulativas ao xogo dirixido e espontáneo. amosando cada vez máis control corporal.	TI
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa con destreza útiles segundo as necesidades de cada situación, e mellora as habilidades de carácter fino ( prensión, control óculo-manual, ...).	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Xestiona as súas emocións expresando os seus sentimentos.	
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	Acepta as diferenzas individuais sen discriminar nos xogos e actividades colectivas, mostrando iniciativa e afecto, desenvolvemento a escoita activa...	

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Resolve conflitos de forma positiva valorando os intereses dalgunhas persoas implicadas	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	Participa en actividades culturais mostrando interese por coñecelas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.</li> <li>- Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas.</li> <li>- Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións.</li> <li>- Avance e control progresivo da motricidade fina.</li> <li>- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.</li> <li>- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.</li> <li>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.</li> <li>- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.</li> <li>- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.</li> <li>- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.</li> <li>- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuizos.</li> <li>- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.</li> <li>- Asentamentos e actividades da contorna.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Xeitos de vivir	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Axusta os seus movementos e habilidades manipulativas ao xogo dirixido e espontáneo. amosando cada vez máis control corporal.	TI
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Progresa na xestión das súas emocións e sentimentos.	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Relaciónase de maneira tolerante coas persoas coas que interacciona.	
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	Acepta as diferenzas individuais sen discriminar nos xogos e actividades colectivas, mostrando iniciativa e afecto	
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	Controla os útiles de maior uso.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Resolve problemas de xeito autónomo, colaborando e aceptando as normas.	
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Participa activamente nas actividades e tarefas diarias da aula.	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Resolve conflitos de forma positiva valorando os intereses dalgunhas persoas implicadas	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecerlas.	Participa en actividades culturais mostrando interese por coñecerlas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.</li> <li>- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.</li> <li>- O xogo como ferramenta de exploración persoal.</li> <li>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.</li> <li>- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.</li> <li>- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.</li> <li>- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- situacións de risco.</li> <li>- Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade.</li> <li>- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.</li> <li>- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.</li> <li>- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.</li> <li>- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.</li> <li>- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.</li> <li>- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.</li> <li>- Asentamentos e actividades da contorna.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Mundo vexetal	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Axusta os seus movementos e habilidades manipulativas ao xogo dirixido e espontáneo. amosando cada vez máis control corporal.	TI
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Xestiona as súas emocións expresando os seus sentimentos.	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Resolve conflitos de forma positiva valorando os intereses dalgunhas persoas implicadas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.</li> <li>- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.</li> <li>- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.</li> <li>- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.</li> <li>- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.</li> <li>- Asentamentos e actividades da contorna.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Mundo animal	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Axusta os seus movementos e habilidades manipulativas ao xogo dirixido e espontáneo. amosando cada vez máis control corporal.	TI
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Xestiona as súas emocións expresando os seus sentimentos.	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Resolve conflitos de forma positiva valorando os intereses dalgunhas persoas implicadas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.</li> <li>- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.</li> <li>- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.</li> <li>- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.</li> <li>- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.</li> <li>- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.</li> <li>- Asentamentos e actividades da contorna.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	Onde eu vivo	40



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Axusta os seus movementos e habilidades manipulativas ao xogo dirixido e espontáneo. amosando cada vez máis control corporal.	TI
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Xestiona as súas emocións expresando os seus sentimentos.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Ofrece e pide axuda aos compañeiros/os.	
CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Recoñece e respecta os tempos das actividades cotiás, e as leva a cabo de xeito autónomo.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Resolve problemas de xeito autónomo, colaborando e aceptando as normas.	
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Relaciónase con outras persoas en xogos e actividades colectivas, evitando todo tipo de discriminación	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva proponendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Resolve conflitos de forma positiva valorando os intereses dalgunhas persoas implicadas	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	Participa en actividades culturais mostrando interese por coñecelas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.</li> <li>- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.</li> <li>- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.</li> <li>- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.</li> <li>- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.</li> <li>- Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade.</li> <li>- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.</li> <li>- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.</li> <li>- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á</li> </ul>

## Contidos

- diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.
- Asentamentos e actividades da contorna.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa na área de Crecemento en Harmonía buscará desenvolver no alumnado o máximo desenvolvemento axustándose ao seu momento evolutivo, respectando os ritmos e as características individuais e propoñendo situacións de aprendizaxe motivadoras. Estas situacións educativas promoverán a observación, a manipulación e a exploración dos nenos e das nenas desenvolvendo aspectos motrices que faciliten o avance na súa autonomía, tanto nos movementos coma nos desprazamentos, tomando conciencia do seu corpo e das súas partes para chegar paulatinamente á interiorización do esquema corporal.

Toda proposta pedagóxica se ten que enmarcar nunha metodoloxía concreta, tendo claros os principios metodolóxicos que imos seguir e compartir co resto dos protagonistas do proceso educativo. Estes aspectos deben estar contemplados e ser coherentes cos diferentes documentos curriculares e organizativos do centro, co contexto e coas características do alumnado.

Como mencionei anteriormente, imos traballar a través de proxectos, un método pedagóxico que contribúe enormemente ao desenvolvemento das competencias básicas, moi vinculadas tamén as intelixencias múltiples de Howard Gardner, e que pode ser suceptible a cambios ao longo do proceso para adaptarnos as necesidades dos alumnos. Traballaranse as competencias básicas e as distintas intelixencias mediante actividades significativas e funcionais que poidan aplicarse á vida cotiá e implique a resolución de problemas na práctica: *¿aprender a aprender?* e *¿aprender facendo?*. É moi importante aprender a mobilizar e usar os coñecementos, e o faremos a través da aprendizaxe por proxectos, establecendo rutinas e traballando tamén por recunchos.

Traballaremos partindo dos intereses, motivacións e coñecementos previos do alumnado, construíndo unha aprendizaxe significativa (Ausubel), modificando os esquemas de coñecemento do alumnado a través dun enfoque globalizador (Decroly) mediante o que iremos plantexando pequenos retos alcanzables que se sitúen na zona de desenvolvemento próximo (Vigotsky), favorecendo así a autoestima.

Tamén temos que ter en conta as orientacións metodolóxicas do Decreto 150/2022 do 8 de setembro, debemos ter en conta outros aspectos como o papel do profesorado, que será o de facilitarlle ao neno as ferramentas, contidos, e mediar no proceso de ensino-aprendizaxe, estimulando os procesos físicos, cognitivos, afectivos, sociais e lingüísticos. Como sinala Mari Carmen Díez Navarro, *¿hai que explicar, acompañar, escoitar as súas dúbidas, opinións, emerxencias e as súas inquietudes. Hai que invitalos a que se miren con estima e confíen en sí mesmos. E iso farémolo ofrecéndolles ambientes estimulantes que mobilicen os seus desexos de aprender e participar, e ter altas expectativas nas súas posibilidades, así como preparar aos nenos/as para o fracaso e error.*

Ademais dos proxectos de aula, a nivel de centro levaráse a cabo un proxecto anual titulado: COIDAMOS O PLANETA: REDUCCIÓN DE RESIDUOS, onde poderemos integrar todos os proxectos que levaremos a cabo durante todo o curso e que relacionaremos coas diferentes conmemoracións marcadas no calendario escolar.

Seguindo co traballo realizado o ano pasado seguiremos empregando o Aprendizaxe cooperativo na aula. Ao longo das actividades empregaremos dinámicas individuais, de parella, grupos ou equipos (fomentando o traballo colaborativo e cooperativo) e de gran grupo.

#### PLANIFICACIÓN DO PROXECTO

Como programación baséase en proxectos de investigación que son flexibles partindo dos intereses dos nenos teremos en conta os seguintes fundamentos pedagóxicos e seguiremos unha secuencia predeterminada para acadar os obxectivos propostos nesta programación.

Fundamentos pedagóxicos.

Con respecto aos fundamentos pedagóxicos nos que podemos dicir que se basa o traballo por proxectos, estes serían os seguintes:

O alumno/a como protagonista da súa aprendizaxe.  
 Desenvolvemento individual cara as operacións lóxicas e formais.  
 Constructivismo na linguaxe.  
 Establecemento de relacións significativas entre os coñecementos previos e os novos coñecementos.  
 Agrupamentos que fomenten a comunicación.  
 Globalización.  
 Observación e experimentación propias.  
 O xogo como método de aprendizaxe.  
 Aprender a pensar.  
 Ambientes cálidos, acolledores e seguros.  
 Diversidade de materiais.  
 Organización do tempo (rutinas) e dos espazos (recunchos, obradoiros...).  
 Fomento da autonomía persoal e a creatividade.  
 Flexibilidade nos espazos e nos tempos.  
 Colaboración familia-escola.  
 Cooperación e participación entre a comunidade educativa.

#### FASES DUN PROXECTO

Pódese dicir que todo proxecto de traballo estruturase en seis fases fundamentais:

Fase 1.- Qué sabemos (ideas previas) e qué queremos saber (preguntas que nos facemos).

Fase 2.- Búsqueda de información: en libros, contos, revistas, internet, preguntas aos nosos maiores, videos e partir de ahí establecemos

- Obxectivos
- Tempos e espacios
- Recursos
- Actividades
- Recursos

Fase 3.- Realización das actividades.

Fase 4.- Síntese e Itinerario: recapitulación do traballo e elaboración dos dossier.

Fase 5.- Avaliación: da mestra/e; dos nenos/as; de outros.

- Deben estar moi presentes no deseño das actividades os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, ofertando dentro dunha mesma actividade, diferentes maneiras de acceder a información, diferentes xeitos de expresarse, e diferentes maneiras de motivar ao alumnado.

- Para conseguir máis significativade nas aprendizaxes do alumnado empregaremos estratexias que axuden a conseguilo seguindo os principios básicos da neuroeducación no que di que o alumnado ten que sentir interese polo tema para activar as súas conexións neuronais. Isto irá acompañado de actividades que faciliten a capacidade de aprender do noso alumnado tales como rutinas de pensamento, esquemas visuais...

- Nesta programación empregárase un enfoque activo á hora de deseñar as actividades, buscando sempre que as persoas alumnas sexan as protagonistas activas das súas aprendizaxes. Ofreceranse sempre actividades onde se desenvolvan diferentes tipos de habilidades e capacidades. Para acadalo empregaremos unha organización espacial acorde que permita levar a cabo diferentes propostas á vez e que o alumnado teña variedade para realizar. Destacarán os ambientes de aprendizaxe, recunchos, estacións de traballo...

- O traballo con ferramentas tecnolóxicas estará sempre orientado cara o emprego destas como xeradoras de contidos e non transmisoras pasivas de información. O alumno se iniciará no seu emprego de forma transversal pero sempre dende unha maneira responsable, respetando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas: Ordenador de aula, tablet de aula, proxector, conexión a internet, robots (escornabot, ozobot), reproductor musical
Material funxible: convencionais e non convencionais

Material sensorial: mesa de luz, bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...)
Material visual: carteis, bits, láminas...
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes...
Material curricular: Currículum, P.E....
Material artístico: pinturas, plastina, refugallo, teatro de sombras, luz negra, kamisibai, títeres...
Material de psicomotricidad: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, táboas de equilibrio...
Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...
Material de xogo simbólico
Comunidade educativa ( Alumnado, persoal docente e non docente, familias ) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas,etc)
Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea. (parques, biblioteca Concello, etc)
Instrumentos musicais.
Aula creativa

Os materiais tanto da aula como dos obradoiros serán variados, asequibles, motivadores, adaptados á idade do meu alumnado, hixiénicos, non tóxicos e seguros.

Estes materiais serán comprados polo centro e destinados ao aula, comprados polos pais, cedidos polos nenos e nenas, fabricados na aula...

Haberá material funxible e material non funxible, audiovisual e material de refugallo. O material dos recunchos estará clasificado en función das actividades realizadas dentro deles.

Non traballamos con material impreso ( libro de texto). Elaboraremos o noso propio material: debuxos, libros-proxecto, presentacións en Power Point ou Movie Maker, todo de maneira grupal, colaborativa e nalgúns casos cooperativa.

Hai que sinalar que dentro dos recursos espaciais teremos reservada a cociña, a aula de música, a aula de usos múltiples e a aula creativa para realizar as experiencias o longo do curso.

No caso da sesión de inglés este ano os alumnos quedarán na aula.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será entendida como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, na primeira unidade do curso se levará a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicáis, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno

Esta información será consensuada con todo o profesorado que imparte docencia neste grupo nunha sesión de avaliación realizada no mes de outubro, seguindo as instrucións remitidas por inspección educativa

É importante subliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temperá das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado polo mestre/a.

### Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa educativa

## 6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade, como se recolle na Lei Orgánica de Educación( LOE e LOMLOE) , son un conxunto de medidas, ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, así como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado, se porá especial atención a finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características persoais do noso grupo e alumnado, así como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo así un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade , igualdade de oportunidades, colaboración e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado (apps para estimulación da linguaxe, razoamento lóxico matemático, preprogramación, atención,etc).

Todos os nenos e nenas son diferentes entre eles, é o natural e o enriquecedor da sociedade. Hai diferencias en diferentes ámbitos: a nivel de capacidade, de motivación, de interese, situación social, diferencias que se atenden na aula, e sobre as que se intervén pedagoxicamente.

Dentro da diversidade da aula, tense constancia de alumnos/as que presentan necesidades específicas de apoio educativo, as medidas a levar a cabo con este alumnado será o reforzo educativo que realizará a titora, a mestra de apoio,a especialista en PT e a mestra de AL, dentro da aula ordinaria.Só nalgún caso específico a mestra de AL realizará algunha intervención fóra da aula para traballar de maneira individualizada aspectos moi concretos e que pola súa complexidade precisa dun clima de traballo máis tranquilo e específico . Esta etapa ten unha importante función de detección precoz e compensadora de dificultades, polo que en caso de detectar algún aspecto salientable tería que levar a cabo as pautas establecidas por lei.

Adequaremos sempre a estrutura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, e levaremos a cabo medidas como:

-Organizar o aula de forma accesible, adecuaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, curriculares e de movemento.

-Adecurar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.

- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as liñas marcadas no P.E. do centro, seguindo os principios do DUA e propoñendo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.

-Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de este alumnado.

-Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado utilizando diferentes apps para estimulación da linguaxe, o razoamento e la atención.

- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.

-Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicacións cortas. Emprego de pictogramas

- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuais como pictos e axendas.

- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).

- Diseñar propostas didácticas seguindo o modelo TEACCH

- Evitar tarefas repetitivas sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer conductas disruptivas ou inadecuadas, a non ser o caso de aqueles alumnos que polas súas necesidades facer este tipo de actividades para

reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.

- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferencias.
- Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base as súas capacidades levando a cabo propostas SEM para aquel alumnado que o necesite.
- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Intervir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, servicios sanitarios, sociais, etc).
- Empregar equipos heteroxéneos para facilitar o modelado e crear lazos afectivos entre eles e así mellorar o seu rendemento o verse partícipes das actividades.

É importantísima a figura da mestra de apoio na aula para realizar un traballo máis enriquecedor e poder realizar pequenos agrupamentos que traballen cun alto rendemento grazas á atención de dúas mestras. Por suposto, a aplicación do traballo cooperativo sería inviable sen a axuda e atención de dúas mestras traballando co grupo na aula.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional	X	X	X				
ET.2 - Hábitos de control corporal	X	X					
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social	X	X		X			X
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos	X				X	X	
ET.5 - Educación para o consumo responsable	X		X		X		
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos	X	X		X			X

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Contacontos	Durante o curso invitaremos ás familias do alumnado para que veña a realizar un contacontos na biblioteca do centro ou na aula.	X	X	X
Saída de campo	En cada proxecto realizaremos unha saída para afondar no traballo na aula	X	X	X
Saída de fin de curso	Actividade lúdica para descubrir a contorna e para conmemorar o final de curso			X
Visita de persoa experta	Durante o proxecto invitaremos a familiares do alumnado para que actúen como expertos na materia que estamos a traballar.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiros solidarios	As familias xunto có alumnado poderán levar a cabo diferentes obradoiros cun fin solidario: confección de agasallos para levar ao Centro de Día, doación de libros, recollida de roupa, tapóns,...		X	
Proxectos medioambientais	Se poderá participar en proxectos baseados na recuperación e defensa da natureza.	X	X	X
Conmemoracións e festas	A comunidade educativa poderá planificar e participar en distintas celebracións ao longo do curso.	X	X	X
Actividades para facilitar a transición a E.P.	Visita ás aulas de primaria, xogos e/ou actividades cos alumnos/as de primeiro, acto de graduación e despedida de infantil...			X
Obradoiros internivel	Ao longo do ano realizaremos, con motivo das conmemoracións ou outras actividades que consideremos de relevancia, obradoiros internivel, mesturando os alumnos das 3 aulas de infantil para realizar algunha actividade manipulativa máis específica e con menos nenos no grupo/clase. Un exemplo pode ser a vendima, obradoiros de cociña do Samaín, obradoiros de arte ...	X	X	X

#### Observacións:

Nesta, como en todas as programacións, teranse en conta as actividades complementarias propostas dende os diferentes equipos do Centro, de xeito que os contidos da disciplina sexan traballados no desenvolvemento das mesmas.

Os equipos que funcionan no centro son:

Equipo de Dinamización da Biblioteca Escolar: Apadriñamentos lectores, Contacontos, A Aventura de ler, Semana da prensa, Itinerarios lectores, Mochila viaxeira

Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares: Samain, Magosto, Día da Paz...

Equipo de Dinamización da Lingua Galega: Glosario sobre a temática anual, Festival de Panxoliñas e das Letras Galegas, O Xornaliño (revista escolar)...

Equipo Tics : Iniciación a robótica co proxecto Escornabots e obradoiros internivel fomentando actividades STEAM a través do proxecto de Polos Creativos

Equipo de aprendizaxe cooperativa: acompañamento e formación nas técnicas de aprendizaxe cooperativa.

Por outra banda, as saídas propostas ao comezo do curso (incluídas na Programación Xeral Anual do Centro) tamén forman parte do traballo diario, pois sempre se fai un traballo previo e un traballo posterior sobre elas. Ademais faranse as saídas propostas polo claustro para realizar xunto con todos os alumnos do Centro (magosto, saída fin de curso ).

As actividades momeadas arriba son algunhas das que se realizarán na aula, que partan do propio proxecto de aula ou do ciclo/ centro.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Deseño das actividades adecuadas ao alumnado
Elementos curriculares presentes nas actividades
Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados.

Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades.
Utilízase diversidade de materiais para accederá información, para expresarse e para fomentar a motivación
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
Temporalización de actividades adecuada.
Empréganse diversos recursos didácticos.
Existe coordinación co equipo docente
Promóvese a participación das familias
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas
Individualización do proceso ás características de cada alumna/o.

**Descrición:**

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso de ensinanza para poder modificalo e melloralo.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A programación se valorará a través da realización dunha rúbrica na que se puntuarán os indicadores citados anteriormente.

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada trimestre.

**9. Outros apartados**



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36014672	CEIP Serra-Vincios	Gondomar	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Descubrimiento e exploración da contorna	6º Inf.	8	280

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

## 1. Introducción

Esta programación é unha guía do traballo que se quere realizar ao longo do curso. Hai que ter en conta que pode sufrir modificacións, pois temos que adaptarnos ao ritmo do alumnado, aos acontecementos que puidesen suceder, contratempos, etc. O documento recolle todo o que consideramos necesario para levar a cabo a nosa labor docente e favorecer un bo desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.

A programación da área de Descubrimento e Exploración da Contorna no curso de 6º de EI ten como finalidade a construción e o coñecemento que a nena e o neno van adquirindo mediante o contacto coa súa contorna e cos grupos sociais básicos cos que se relaciona e os que pertence, ampliando o seu coñecemento do mundo que o rodea e da súa relación co mesmo, favorecendo ao tempo actitudes de respecto e valoración a través dunha visión sostible do entorno .

O fin da área estará ben vinculado cun enfoque coeducativo e estimulador das emocións , así como coa promoción dunha actitude crítica e creativa.

Esta programación está deseñada para ser desenvolvida, conxuntamente coas programacións das outras dúas áreas, a través da realización de proxectos de aula formados por diferentes situacións de aprendizaxe (tarefas, propostas e obradoiros). Consideramos fundamental seguir respetando o principio de globalidade á hora de deseñar estas situacións de aprendizaxe, onde se poñan en práctica habilidades e capacidades relacionadas coas tres áreas curriculares.

Para levar a cabo unha concreción dos elementos curriculares levaremos a cabo proxectos que xurdan dos centros de interese que propoñan os propios alumnos.

A temporalización do proxecto é anual e ao longo do curso iremos incidindo nos diferentes centros de interese pero todo versará en torno o mesmo proxecto que xurde do proxecto anual de centro que sae proposto da "biblioteca escolar", este curso 22/23, en concreto ten como título "O meu lugar no mundo"

O centro está situado no barrio da Serra, na parroquia de Vincios, pertencente ao concello de Gondomar. Vincios ten arredor de 2.300 habitantes repartidos en 15 barrios: Arcos, Brandufe, Casás, Cernada, Figueiró, A Fraga, Guisande, Hervillás, A Pasaxe, Piñeiro, Rocha, Salgueiro, A Serra, Tumbio e Xián.

O colexio, que data de do ano 1979, consta dun edificio, dun anexo de pista cuberta e de zona exterior de 10.000 m2. É un centro de natureza rural, cunha soa liña e que imparte as ensinanzas de Educación Infantil e Primaria. Este curso dispón de sete aulas de Educación Primaria e tres aulas de Educación Infantil que contan cunha profesora de apoio.

O centro dispón de:

- Biblioteca Escolar ben dotada cun amplo potencial dinamizador e incorporada ao Plambe.
- Biblioteca creativa
- Aula de arte, laboratoriorio, este curso debe dedicarse a aula de 2º B, debido a un desdobre.
- Aula de usos múltiples: recuperada este curso debido á construción dun comedor novo, na zona da vivenda do conserxe e cuarto da coidador.
- Aula creativa
- Aula de música
- Aula de inglés
- Aula de relixión: Mestra compartida co CEIP de Donas, ven ao noso centro 3 días á semana.
- Cociña
- Horto escolar con invernadoiro.
- Departamento de Orientación. Orientadora, (este curso en horario completo), a mestra de Pedagogía Terapéutica e a mestra de Audición e Linguaxe, este ano a tempo completo ofrecen un apoio e reforzo moi importante nas aulas e, en concreto, con aquel alumnado con algunhas dificultades específicas. Este curso contamos cunha segunda mestra de PT afin AL, debido á creación dunha aula de atención preferente.
- Aula de Audición e Linguaxe
- Aula de Pedagogía Terapéutica: as mestras fan apoio dentro ou fóra das aulas segundo as necesidades.
- Sala de profesores.
- Sala de dirección.
- Local da ANPA, que compartirá co do coidador, pero en distintos horarios.

Como servizos complementarios, o Centro conta con aula matinal, comedor escolar e transporte escolar.

Este curso escolar o centro conta con 166 alumnos distribuídos en 10 aulas dende 4º EI ata 6º EP. En concreto, a aula de 6º Educación Infantil consta de 18 alumnos/as, 10 nenas e 8 nenos, do que 2 deles son de nova incorporación, e en concreto unha deles nunca estivo escolarizado

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemática para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo.	1		1	1	1		1	
OBX2 - Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten.	1		1	1	1		1	
OBX3 - Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.	1			1				1
OBX4 - Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.	1	1		1		1		1

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Coidamos o planeta: redución de residuos	Este proxecto traballarase ao longo do curso e será o eixe central da vida da aula. Complementarase a partir de diferentes propostas que terán como centro de interese os seguintes: Así son eu, Artellando, xeitos de vivir, o mundo vexetal, o mundo animal e onde eu	140	X	X	X

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Coidamos o planeta: redución de residuos	vivo. Aquí atoparemos todo tipo de actividades relacionadas co desenvolvemento da exploración e a experimentación activa de obxectos, espazos e materiais que faciliten o descubrimento da contorna física e social, sempre mediante o fomento dunha actitude creativa, crítica e respectuosa. Terán tamén cabida nesta unidade todas as actividades que se repitan ao longo do curso para favorecer as aprendizaxes máis básicas e elementais por parte do alumnado.	140	X	X	X
2	Coñezome / Así son eu	Nesta categoría poderemos encadrar proxectos onde a alumna ou alumno parta do autoconhecimento. Poderemos levar a cabo actividades relacionadas co corpo humano, as súas funcións, singularidades, diversidade persoal, igualdade de xénero, coñecemento e expresión de emocións... Favoreceremos o traballo de propostas centradas na familia e na escola como primeiros contextos de socialización e fonte de estímulos, xerando vínculos de confianza, empatía e apego nos que se baseará o seu desenvolvemento persoal e aprendizaxe social.	20	X		
3	Arte-llando	Nesta categoría incluiremos os proxectos adicados ao coñecemento e expresión de diferentes manifestacións artísticas, en calquera das linguaxes disponibles para o noso alumnado. As actividades relacionadas có patrimonio e manifestacións artísticas da contorna serán o eixo desta categoría.	30	X		
4	Xeitos de vivir	Nesta categoría encadramos proxectos adicados a coñecer un momento da historia, xa sexa presente, pasado ou futuro, un pobo ou grupo social concreto, persoas históricas, profesións... Interesa desenvolver de xeito progresivo actividades encamiñadas a potenciar o método científico, o pensamento computacional, a iniciativa investigadora e a curiosidade polo coñecemento e o descubrimento.	20		X	
5	Mundo vexetal	Categoría na que traballaremos proxectos relacionados co mundo vexetal, ben a través do coñecemento dos principais elementos da natureza, ben traballando na horta, descubrindo aspectos da agricultura, etc. Se promocionarán actividades manipulativas, sensoriais e de exploración, afianzando actitudes de respecto por un desenvolvemento sostible.	20		X	
6	Mundo animal	Nesta categoría incluímos os proxectos adicados a un animal ou a un conxunto deles, a unha especie, a un contexto ou hábitat, á relación cos seres humanos... Levaremos a cabo propostas centradas no achego e respecto polos seres vivos, que afianzarán en gran medida actitudes responsables e aprendizaxes futuras,	20			X

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Onde eu vivo	<p>Nesta categoría poderemos levar a cabo proxectos relacionados coa contorna do alumnado, tanto a máis próxima, como á relación que poda ter con outras. Tamén o traballo relacionado coa cultura, o patrimonio, as expresións culturais e outros aspectos relacionados.</p> <p>Se potenciarán propostas centradas no coñecemento e valoración da cultura galega, mediante o achegamento ás tradicións, valores e costumes e dende o respecto á diversidade cultural da contorna.</p>	30			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Coidamos o planeta: redución de residuos	140

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e graffas nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Fai asociacións comprensivas dos números e as súas graffas, recoñecendo as cantidades e iniciándose no uso das diferentes operacións ( inicio das sumas e restas).	TI
CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	É quen de identificar situacións cotiás onde empregar o corpo e/ou outros materiais para efectuar medidas.	
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	Colabora cos seus iguais na secuenciación de accións para deseñar solucións e aplicalas a diferentes situación problemáticas e/ou retos.	
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.	Ordena accións mostrando interese e iniciativa na resolución de tarefas analóxicas e dixitais.	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Participa en propostas cooperativas, valorando respectuosamente as aportacións alleas e chegando a acordos.	
CA2.8 - Iniciar en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.	Participa mostrando iniciativa en actividades STEAM.	
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Traduce o que observa ou experimenta á linguaxe verbal, xestual, a través escritura, do debuxo....	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos.</li> <li>- Emprego de cuantificadores básicos contextualizados.</li> <li>- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafa. Situacións nas que se fai necesario medir.</li> <li>- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.</li> <li>- Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna.</li> <li>- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.</li> <li>- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.</li> <li>- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.</li> <li>- Habilidades do pensamento computacional.</li> <li>- Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos.</li> <li>- Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.</li> <li>- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Coñezome / Así son eu	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Fai asociacións comprensivas dos números e as súas grafías, recoñecendo as cantidades e iniciándose no uso das diferentes operacións	TI
CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	É quen de identificar situacións cotiás onde empregar o corpo e/ou outros materiais para efectuar medidas.	
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.	Ordena accións mostrando interese e iniciativa na resolución de tarefas analóxicas e dixitais.	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Participa en propostas cooperativas, valorando respectuosamente as aportacións alleas e chegando a acordos.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
----------

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos.</li> <li>- Emprego de cuantificadores básicos contextualizados.</li> <li>- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafa. Situacións nas que se fai necesario medir.</li> <li>- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.</li> <li>- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Arte-llando	30

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Fai asociacións comprensivas dos números e as súas grafías, recoñecendo as cantidades e iniciándose no uso das diferentes operacións.	TI
CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	É quen de identificar situacións cotiás onde empregar o corpo e/ou outros materiais para efectuar medidas.	
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.	Ordena accións mostrando interese e iniciativa na resolución de tarefas analóxicas e dixitais.	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Participa en propostas cooperativas, valorando respectuosamente as aportacións alleas e chegando a acordos.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos.</li> <li>- Emprego de cuantificadores básicos contextualizados.</li> <li>- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafa. Situacións nas que se fai necesario medir.</li> <li>- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.</li> <li>- Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna.</li> <li>- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.</li> </ul>



UD	Título da UD	Duración
4	Xeitos de vivir	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Fai asociacións comprensivas dos números e as súas grafías, recoñecendo as cantidades e iniciándose no uso das diferentes operacións.	TI
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Comprende e ordena temporalmente situacións que lle son próximas.	
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	Colabora cos seus iguais na secuenciación de accións para deseñar solucións e aplicalas a diferentes situacións problemáticas e/ou retos.	
CA2.3 - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas.	E quen de empregar estratexias para tolerar e controlar a frustración en situacións problemáticas	
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.	Ordena accións mostrando interese e iniciativa na resolución de tarefas analóxicas e dixitais.	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Participa en propostas cooperativas, valorando respectuosamente as aportacións alleas e chegando a acordos.	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Identifica e valora as diferentes profesións, organizacións e servizos da súa comunidade.	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.	Recoñece elementos e personaxes do patrimonio cultural galego.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos.</li> <li>- Emprego de cuantificadores básicos contextualizados.</li> <li>- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidadade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir.</li> <li>- Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario...</li> <li>- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.</li> <li>- O barrio e o concello: servizos, características e funcións.</li> <li>- Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
- Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Mundo vexetal	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.	Ordena accións mostrando interese e iniciativa na resolución de tarefas analóxicas e dixitais.	TI
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Participa en propostas cooperativas, valorando respectuosamente as aportacións alleas e chegando a acordos.	
CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas.	Recoñece as características propias dos seres vivos e dos inertes, e establece comparacións entre eles.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.
- Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas.
- Os seres vivos e as súas características.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Mundo animal	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.	Ordena accións mostrando interese e iniciativa na resolución de tarefas analóxicas e dixitais.	TI
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Participa en propostas cooperativas, valorando respectuosamente as aportacións alleas e chegando a acordos.	

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Traduce o que observa ou experimenta á linguaxe verbal, xestual, a través escritura, do debuxo...	
CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas.	Recoñece as características propias dos seres vivos e dos inertes e establece comparacións entre eles.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.</li> <li>- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.</li> <li>- Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas.</li> <li>- Os seres vivos e as súas características.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	Onde eu vivo	30

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Comprende e ordena temporalmente situacións que lle son próximas.	TI
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	Colabora cos seus iguais na secuenciación de accións para deseñar solucións e aplicarlas a diferentes situacións problemáticas e/ou retos.	
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.	Ordena accións mostrando interese e iniciativa na resolución de tarefas analóxicas e dixitais.	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Participa en propostas cooperativas, valorando respectuosamente as aportacións alleas e chegando a acordos.	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Identifica e valora as diferentes profesións, organizacións e servizos da súa comunidade.	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.	Recoñece elementos e personaxes do patrimonio cultural galego.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario...
- Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna.
- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.
- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.
- O barrio e o concello: servizos, características e funcións.
- Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero.
- Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Na área que nos atopamos (DEC) será precisa unha intervención educativa que faga achega de distintas opcións para o acceso aos contidos, que contemple un deseño de ambientes de aprendizaxe ricos en recursos e oportunidades e que potencie a motivación e as metodoloxías activas aproveitando a curiosidade innata do noso alumnado por descubrir e explorar o mundo que o rodea.

As principais ferramentas de traballo para desenvolver axeitadamente os procesos de razoamento lóxico e o método científico serán as nocións matemáticas, espaciais e temporais, a curiosidade, a resolución de retos e busca de solucións e a promoción de actividades manipulativas e sensoriais, sempre contextualizadas, partindo de coñecementos e experiencias previas e respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado.

O deseño de situacións STEAM que faciliten aplicar habilidades do pensamento computacional se fará dende un enfoque coeducativo e o respecto ás emocións, propias e alleas.

Finalmente, promoveremos actitudes activas de sensibilidade cara o medio ambiente, integrando hábitos de vida sans e sostibles, así como unha perspectiva divulgativa, crítica e afectuosa respecto aos elementos identitarios da propia cultura, fomentando o respecto hacia outras.

Toda proposta pedagóxica se ten que enmarcar nunha metodoloxía concreta, tendo claros os principios metodolóxicos que imos seguir e compartir co resto dos protagonistas do proceso educativo. Estes aspectos deben estar contemplados e ser coherentes cos diferentes documentos curriculares e organizativos do centro, co contexto e coas características do alumnado.

Como mencionei anteriormente, imos traballar a través de proxectos, un método pedagóxico que contribúe enormemente ao desenvolvemento das competencias básicas, moi vinculadas tamén as intelixencias múltiples de Howard Gardner, e que pode ser suceptible a cambios ao longo do proceso para adaptarnos as necesidades dos alumnos. Traballaranse as competencias básicas e as distintas intelixencias mediante actividades significativas e funcionais que poidan aplicarse á vida cotiá e implique a resolución de problemas na práctica: ¿aprender a aprender? e ¿aprender facendo?. É moi importante aprender a mobilizar e usar os coñecementos, e o faremos a través da aprendizaxe por proxectos, establecendo rutinas e traballando tamén por recunchos.

Traballaremos partindo dos intereses, motivacións e coñecementos previos do alumnado, construíndo unha aprendizaxe significativa (Ausubel), modificando os esquemas de coñecemento do alumnado a través dun enfoque globalizador (Decroly) mediante o que iremos planteando pequenos retos alcanzables que se sitúen na zona de desenvolvemento próximo (Vigotsky), favorecendo así a autoestima.

Tamén temos que ter en conta as orientacións metodolóxicas do Decreto 150/2022 do 8 de setembro, debemos ter

en conta outros aspectos como o papel do profesorado, que será o de facilitarlle ao neno as ferramentas, contidos, e mediar no proceso de ensino-aprendizaxe, estimulando os procesos físicos, cognitivos, afectivos, sociais e lingüísticos. Como sinala Mari Carmen Díez Navarro, hai que explicar, acompañar, escoitar as súas dúbidas, opinións, emerxencias e as súas inquietudes. Hai que invitalos a que se miren con estima e confíen en sí mesmos. E iso farémolo ofrecéndolles ambientes estimulantes que movilicen os seus desexos de aprender e participar, e ter altas expectativas nas súas posibilidades, así como preparar aos nenos/as para o fracaso e error.

Ademáis dos proxectos de aula, a nivel de centro levarase a cabo un proxecto anual titulado: COIDAMOS O PLANETA: REDUCCIÓN DE RESIDUOS, onde poderemos integrar todos os proxectos que levaremos a cabo durante todo o curso e que relacionaremos coas diferentes conmemoracións marcadas no calendario escolar.

Seguindo co traballo realizado o ano pasado seguiremos empregando o Aprendizaxe cooperativo na aula. Ao longo das actividades empregaremos dinámicas individuais, de parella, grupos ou equipos (fomentando o traballo colaborativo e cooperativo) e de gran grupo.

### PLANIFICACIÓN DO PROXECTO

Como programación baséase en proxectos de investigación que son flexibles partindo dos intereses dos nenos teremos en conta os seguintes fundamentos pedagóxicos e seguiremos unha secuencia predeterminada para acadar os obxectivos propostos nesta programación.

Fundamentos pedagóxicos.

Con respecto aos fundamentos pedagóxicos nos que podemos dicir que se basa o traballo por proxectos, éstos serían os seguintes:

O alumno/a como protagonista da súa aprendizaxe.

Desenvolvemento individual cara as operacións lóxicas e formais.

Constructivismo nalinguaxe.

Establecemento de relacións significativas entre os coñecementos previos e os novos coñecementos.

Agrupamentos que fomenten a comunicación.

Globalización.

Observación e experimentación propias.

O xogo como método de aprendizaxe.

Aprender a pensar.

Ambientes cálidos, acolledores e seguros.

Diversidade de materiais.

Organización do tempo (rutinas) e dos espazos (recunchos, obradoiros...).

Fomento da autonomía persoal e a creatividade.

Flexibilidade nos espazos e nos tempos.

Colaboración familia-escola.

Cooperación e participación entre a comunidade educativa.

### FASES DUN PROXECTO

Pódese dicir que todo proxecto de traballo estrutúrase en seis fases fundamentais:

Fase 1.- Qué sabemos (ideas previas) e qué queremos saber (preguntas que nos facemos) Sobre as VIAXES das vacacións.

Fase 2.- Búsqueda de información: en libros, contos, revistas, internet, preguntas aos nosos maiores, vídeos e partir de ahí establecemos

- Obxectivos

- Tempos e espazos

- Recursos

- Actividades

- Recursos

Fase 3.- Realización das actividades.

Fase 4.- Síntese e Itinerario: recapitulación do traballo e elaboración dos dossier.

Fase 5.- Avaliación: da mestra/e; dos nenos/as; de outros.

- Deben estar moi presentes no deseño das actividades os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, ofertando dentro dunha mesma actividade, diferentes maneiras de acceder a información, diferentes xeitos de expresarse, e diferentes maneiras de motivar ao alumnado.

- Para conseguir máis significativade nas aprendizaxes do alumnado empregaremos estratexias que axuden a

conseguido seguindo os principios básicos da neuroeducación no que di que o alumnado ten que sentir interese polo tema para activar as súas conexións neuronais. Isto irá acompañado de actividades que faciliten a capacidade de aprender do noso alumnado tales como rutinas de pensamento, esquemas visuais...

- Nesta programación empregarase un enfoque activo á hora de deseñar as actividades, buscando sempre que as persoas alumnas sexan as protagonistas activas das súas aprendizaxes. Ofreceranse sempre actividades onde se desenvolvan diferentes tipos de habilidades e capacidades. Para acadalo empregaremos unha organización espacial acorde que permita levar a cabo diferentes propostas á vez e que o alumnado teña variedade para realizar. Destacarán os ambientes de aprendizaxe, recunchos, estacións de traballo...

- O traballo con ferramentas tecnolóxicas estará sempre orientado cara o emprego destas como xeradoras de contidos e non transmisoras pasivas de información. O alumno se iniciará no seu emprego de forma transversal pero sempre dende unha maneira responsable, respectando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas: ordenador de aula, tablet de aula, proxector, conexión a internet, robots (escornabot, ozobot),reproductor musical
Material funxible: convencionais e non convencionais
Material sensorial: mesa de luz, bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...)
Material visual: carteis,bits, láminas...
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes...
Material curricular: currículo, P,E...
Material artístico: pinturas, plastilina, refugallo, teatro de sombras, luz negra, kamisibai, títeres...
Material de psicomotricidade: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, táboas de equilibrio...
Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...
Material de xogo simbólico
Instrumentos musicais
Comunidade educativa (alumnado, persoal docente e non docente, familias)e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas,etc)
Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poda ofrecer no contexto que nos rodea (parques, Biblioteca Concello,etc)
Aula creativa

Os materiais tanto da aula como dos obradoiros serán variados, asequibles, motivadores, adaptados á idade do meu alumnado, hixiénicos, non tóxicos e seguros.

Estes materiais serán comprados polo centro e destinados ao aula, comprados polos pais, cedidos polos nenos e nenas, fabricados na aula...

Haberá material funxible e material non funxible, audiovisual e material de refugallo. O material dos recunchos estará clasificado en función das actividades realizadas dentro deles.

Non traballamos con material impreso ( libro de texto). Elaboraremos o noso propio material: debuxos, libros-proxecto, presentacións en Power Point ou Movie Maker, todo de maneira grupal, colaborativa e nalgúns casos cooperativa.

Hai que sinalar que dentro dos recursos espaciais teremos reservada a cociña, a aula de música, a aula de usos

múltiples e a aula creativa para realizar as experiencias o longo do curso. No caso da sesión de inglés este ano os alumnos quedarán na aula.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será entendida como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, na primeira unidade do curso se levará a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicáis, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno

Esta información será consensuada con todo o profesorado que imparte docencia neste grupo nunha sesión de avaliación realizada no mes de outubro, seguindo as instrucións remitidas por inspección educativa

É importante subliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temperá das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado polo mestre/a.

### Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade, como se recolle na Lei Orgánica de Educación( LOE e LOMLOE) , son un conxunto de medidas, ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, así como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado, se porá especial atención a finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características persoais do noso grupo e alumnado, así como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo así un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade , igualdade de oportunidades, colaboración e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado (apps para estimulación da linguaxe, razoamento lóxico matemático, preprogramación, atención,etc).

Todos os nenos e nenas son diferentes entre eles, é o natural e o enriquecedor da sociedade. Hai diferencias en diferentes ámbitos: a nivel de capacidade, de motivación, de interese, situación social, diferencias que se atenden na aula, e sobre as que se intervén pedagoxicamente.

Dentro da diversidade da aula, tense constancia de alumnos/as que presentan necesidades específicas de apoio educativo, as medidas a levar a cabo con este alumnado será o reforzo educativo que realizará a titora, a mestra de apoio,a especialista en PT e a mestra de AL, dentro da aula ordinaria.Só nalgún caso específico a mestra de AL realizará algunha intervención fóra da aula para traballar de maneira individualizada aspectos moi concretos e que pola súa complexidade precisa dun clima de traballo máis tranquilo e específico . Esta etapa ten unha importante función de detección precoz e compensadora de dificultades, polo que en caso de detectar algún aspecto salientable

tería que levar a cabo as pautas establecidas por lei.

Adequaremos sempre a estrutura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, e levaremos a cabo medidas como:

- Organizar o aula de forma accesible, adecuaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, curriculares e de movemento.
- Adecuar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as liñas marcadas no P.E. do centro, seguindo os principios do DUA e propoñendo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de este alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado utilizando diferentes apps para estimulación da linguaxe, o razoamento e la atención.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicacións cortas. Emprego de pictogramas
- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuais como pictos e axendas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Diseñar propostas didácticas seguindo o modelo TEACCH
- Evitar tarefas repetitivas sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer conductas disruptivas ou inadecuadas, a non ser o caso de aqueles alumnos que polas súas necesidades facer este tipo de actividades para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferencias.
- Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base as súas capacidades levando a cabo propostas SEM para aquel alumnado que o necesite.
- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Intervir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, servicios sanitarios, sociais,etc).
- Empregar equipos heteroxéneos para facilitar o modelado e crear lazos afectivos entre eles e así mellorar o seu rendemento o verse partícipes das actividades.

É importantísima a figura da mestra de apoio na aula para realizar un traballo máis enriquecedor e poder realizar pequenos agrupamentos que traballen cun alto rendemento grazas á atención de dúas mestras. Por suposto, a aplicación do traballo cooperativo sería inviable sen a axuda e atención de dúas mestras traballando co grupo na aula.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional	X	X	X				
ET.2 - Hábitos de control corporal	X	X					
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social	X	X		X			
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos	X				X	X	
ET.5 - Educación para o consumo responsable	X		X		X		
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos	X	X		X			X



## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Contacontos	Durante o curso invitaremos ás familias do alumnado para que veña a realizar un contacontos na biblioteca do centro ou na aula, procurando que sexa unha actividade plurilingüe e coherente con criterios de igualdade de xénero.	X	X	X
Obradoiros internivel	Ao longo do ano realizaremos, con motivo das conmemoracións ou outras actividades que consideremos de relevancia, obradoiros internivel, mesturando os alumnos das 3 aulas de infantil para realizar algunha actividade manipulativa máis específica e con menos nenos no grupo/clase. Un exemplo pode ser a vendima, obradoiros de cociña do Samaín, obradoiros de arte ...	X	X	X
Visita na aula de persoa experta	Durante o proxecto invitaremos a familiares do alumnado para que actúen como expertos n ámbito traballado: músico, escritora, cociñeiros, traballadora do porto ,comunidade de montes, sesión de ioga, conductoras de bus, etc	X	X	X
Saída de campo	Poderase facer unha saída por proxecto para afondar no tema traballado ou criterios transversais: mercado, lonxa,museo, biblioteca do concello, o barrio, a contorna próxima...	X	X	X
Conmemoracións e festas	A comunidade educativa poderá planificar e participar en distintas celebracións ao longo do curso (Samaín, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas,etc)	X	X	X
Obradoiros solidarios	As familias xunto có alumnado poderán levar a cabo diferentes obradoiros cun fin solidario: confección de agasallos para levar ao Centro de Día, doación de libros,recollida de roupa ou tapóns,etc		X	
Proxectos medioambientais	Poderase participar en proxectos baseados na recuperación e defensa da natureza ( hortas urbanas, limpeza litoral, etc)	X	X	X
Saída fin de curso	Actividade de carácter lúdico argallada como remate do curso escolar.			X
Actividades de transición a E.P.	Visita ás aulas de primaria ,xogos e/ou actividades coas alumnos e alumnos de 1º EP, acto de graduación e despedida de EI,etc.			X

### Observacións:

Nesta, como en todas as programacións, teranse en conta as actividades complementarias propostas dende os diferentes equipos do Centro, de xeito que os contidos da disciplina sexan traballados no desenvolvemento das mesmas.

Os equipos que funcionan no centro son:

Equipo de Dinamización da Biblioteca Escolar: Apadriñamentos lectores, Contacontos, A Aventura de ler, Semana da prensa, Itinerarios lectores, Mochila viaxeira

Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares: Samain, Magosto, Día da Paz...

Equipo de Dinamización da Lingua Galega: Glosario sobre a temática anual, Festival de Panxoliñas e das Letras Galegas, O Xornaliño (revista escolar)...

Equipo Tics : Iniciación a robótica co proxecto Escornabots e obradoiros internivel fomentando actividades STEAM a través do proxecto de Polos Creativos

Equipo de aprendizaxe cooperativa: acompañamento e formación nas técnicas de aprendizaxe cooperativa.

Por outra banda, as saídas propostas ao comezo do curso (incluídas na Programación Xeral Anual do Centro) tamén forman parte do traballo diario, pois sempre se fai un traballo previo e un traballo posterior sobre elas. Ademais fanse as saídas propostas polo claustro para realizar xunto con todos os alumnos do Centro (magosto, saída fin de curso ).

As actividades momeadas arriba son algunhas das que se realizarán na aula, que partan do propio proxecto de aula ou do ciclo/ centro.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Deseño das actividades adecuadas ao alumnado
Elementos curriculares presentes nas actividades
Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados
Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades
Utilízase diversidade de materiais para acceder á información , para expresarse e para fomentar a motivación.
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
Temporalización de actividades adecuadas.
Empréganse diversos recursos didácticos.
Existe coordinación co equipo docente.
Promóvese a participación das familias.
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas.
Individualización do proceso segundo as características de cada alumnado

#### Descrición:

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso de ensinanza e así poder modificalo e melloralo.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A programación se valorará a través da realización dunha rúbrica na que se puntuarán os indicadores citados anteriormente.

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en Infantil ao rematar cada trimestre.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36014672	CEIP Serra-Vincios	Gondomar	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Relixión Católica	6º Inf.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	17

## 1. Introducción

O acordo entre o Estado español e a Santa Sé sobre ensino e asuntos culturais contempla o dereito a recibir ensinanzas de relixión católica. Conforme a isto, a LOMLOE 3/2020 do 29 de decembro, pola que se modifica a ley orgánica 2/2006, do 3 de maio, establece que se incluírá as relixións como área ou materia nos niveis educativos que corresponda.

No Real Decreto 95/2022 de 1 de febreiro dispónse que esta materia incluírase no segundo ciclo desta etapa educativa e que será competencia da xerararquía eclesiástica da Igrexa católica a determinación do correspondente currículo. Por outra banda, a Resolución de 21 de xuño de 2022, publica os currículos das ensinanzas de relixión católica correspondente a Educación Infantil, Primaria Secundaria y Bachillerato.

Neste marco as ensinanzas de relixión católica son de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias.

O ensino da Relixión Católica propónse como área curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas. Coa súa identidade e natureza, a área de Relixión Católica, en liña cos fins propios da Educación Primaria, favorece o proceso educativo do alumnado, contribuíndo á súa formación integral e ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Propón, especificamente, contribuír á autonomía persoal e ao proxecto vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurais e diversos. E complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns que orienta o despregamento dunha identidade persoal autónoma e asertiva e á súa inserción nas contornas comunitarias de pertenza.

O centro para o que se elabora esta programación, está situado no barrio da Serra, na parroquia de Vincios, pertencente ao concello de Gondomar. Vincios ten arredor de 2.300 habitantes repartidos en 15 barrios: Arcos, Brandufe, Casás, Cernada, Figueiro, Fraga, Hervillás, Pasaxe, Piñeiro, Rocha, Salgueiro, Serra, Tumbio e Xian. As entidades máis significativas coas que conta a parroquia son:

- Asociación veciñal, na que se desenvolven distintas actividades culturais para adultos e para nenos.
- Comunidade de Montes, que colabora aportando subvencións para a realización de diferentes actividades culturais e educativas no Centro.
- Escola e Banda de música, da que forman parte moitos dos nosos alumnos e que cada curso ven ao Centro para ofrecernos un concerto didáctico.
- A.N.P.A. Santa Mariña, que organiza actividades extraescolares e excursións ao longo do curso.
- Club de Fútbol de Vincios., do que forman parte moitos alumnos do Centro.
- Agrupación Deportiva Vincios, coa que colabora o Centro en moitas actividades deportivas.

O colexio, que data de do ano 1979, consta dun edificio, dun anexo de pista cuberta e de zona exterior de 10.000 m<sup>2</sup>. Esta escola consta dunha Biblioteca Escolar cun amplo potencial dinamizador, de laboratorio- estudio de arte, cocina y horto escolar. Temos un magnífico patio exterior que posibilita moitas actividades ao aire libre.

É un centro de natureza rural, cunha soa liña e que imparte as ensinanzas de Educación Infantil e Primaria. Consta dun total de 167 alumnos/as e dun cadro docente na súa maioría definitivo.

A proposta educativa desta asignatura favorece o proceso educativo do alumnado, a sensibilidade espiritual e o despertar da experiencia relixiosa. Axuda a comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado en contextos plurais e diversos. Tamén complementa a necesaria educación en valores humanos universais e cristiáns, establecendo a relación existente entre ambos ámbitos.

Esta Programación está preparada para ser levada a cabo na aula de 6<sup>º</sup> Educación Infantil.

Por último, mencionar que o Proxecto Anual do curso 2023/24 terá como temática "COIDAMOS O PLANETA: REDUCCIÓN DE RESIDUOS".

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, experimentar e expresar a identidade persoal a través do coñecemento do seu corpo e o desenvolvemento das súas capacidades afectivas e calidades, mediante o achegamento a figuras bíblicas e persoas significativas, para adquirir autonomía nas súas actividades cotiás e hábitos básicos de relación.	1			1	1			
OBX2 - Recoñecer, experimentar e apreciar as relacións persoais e coa contorna, desenvolvendo habilidades sociais e actitudes de respecto, a través de escóitaa e comprensión de narracións bíblicas, para promover valores da vida en comunidade e contribuír así á fraternidade humana.					1	1		
OBX3 - Observar, aceptar e gozar a diversidade persoal e social descubrindo nas súas contornas próximas situacións nas que poida cooperar no coidado da casa común, desde o recoñecemento dos valores da mensaxe e os feitos de Xesús de Nazaret, para xerar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia.						1	1	
OBX4 - Explorar e admirar diferentes contornas naturais, sociais, culturais e artísticas gozando das súas manifestacións máis significativas e descubrindo os seus valores cristiáns, para desenvolver creatividade, sensibilidade estética e sentido de pertenza.							1	1
OBX5 - Descubrir, manifestar e xerar gusto por cultivar a súa interioridade, explorando pensamentos, emocións, sentimentos e vivencias, admirando diferentes expresións da tradición xudeocristiana e outras tradicións relixiosas, para crecer coa liberdade e seguridade necesarias que posibiliten o desenvolvemento da dimensión espiritual e as bases do propio sistema de valores e crenzas.	1					1		
OBX6 - Coñecer e apreciar a figura de Xesús de Nazaret e da comunidade eclesial, a través de relatos bíblicos e manifestacións relixiosas da contorna, para recoñecer o específico da tradición cristiá nun contexto social de pluralidade relixiosa.	1							1

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Contos da Biblia: Xonás e a balea.	Sesión de contacontos "Xonás e a Balea". Elaboración da manualidade da Balea.	6	X		
2	Chega o Nadal!	Tempo litúrxico de Nadal e a tradición dos Reis Magos. Elaboración de manualidades navideñas.	8	X		
3	O pequeno Xesús e mais eu.	A familia como núcleo vertebrador e protector.	5		X	
4	Estamos xa en Pascua!	Tempo litúrxico de Semana santa abordado dende a positividade: o tempo de Pascua.	6		X	
5	Contos que emocionan.	O papel e valor da/s persoa/s que nos cuidan.	5			X
6	Contos que ensinan: "A que sabe a lúa?" Michael Grejniec.	Os amigos e os valores que no grupo de iguais aprendemos e interiorizamos.	5			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Contos da Biblia: Xonás e a balea.	6

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Adquirir autonomía no coidado do seu corpo e na realización das súas actividades cotiás, atendendo ás indicacións establecidas en común para a aula.	Amósase autónomo en relación ao seu cuidado na aula (baño, merienda, calzarse, descalzarse, etc), na maneira de afrontar as actividades propostas e é quen de xestionar as situacións que van xurdindo día a día, así mesmo é capaz de pedir axuda cando a precisa.	TI
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Participa activamente na elaboración de producións artísticas, valorando, con certo grao de espírito crítico, os resultados Colabora e coopera nas propostas de traballo presentadas na aula e adopta accións de acollemento cara os compañeiros do grupo.	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É capaz de manter momentos de silencio, escoita activa e reflexión nos momentos do conto e as conversas que se establecan ao seu arredor. Respeto os turnos de palabra e adopta comportamentos que indican respecto cando está a falar outro compañeiro/a.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O coidado e o respecto do corpo e da natureza na visión cristiá.</li> <li>- O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus.</li> <li>- Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores.</li> <li>- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.</li> <li>- Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos.</li> <li>- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comuñón.</li> <li>- Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá.</li> <li>- Admiración e coidado da natureza como creación de Deus e casa común.</li> <li>- A fraternidade humana: fillos e irmáns dun único Deus.</li> <li>- Identidade cristiá e contorna social.</li> <li>- A Biblia como comunicación de Deus coas persoas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Chega o Nadal!	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.	Recoñece e adopta comportamentos e xestos que facilitan e posibilitan relacións de convivencia positivas dentro da escola e da aula.	TI
CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza.	Recoñece as manifestacións culturais relacionadas con nacemento de Xesús e a visita dos Reis Magos, identificando aos personaxes que as protagonizan e a relación existente entre eles.	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Participa na elaboración de producións artísticas, valorando, con certo grao de espírito crítico, os resultados dende a positividade. Participa e colabora nas diferentes propostas de traballo da aula.	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubrindo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É capaz de manter momentos de silencio, escoita activa e reflexión nos diferentes momentos do traballo da aula, amosándose respetuoso e valorando as aportacións e opinións dos demais.	
CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.	Identifica a Xesús de Nazaret como o protagonista do tempo de Nadal e recoñece a cidade de Belén como localización xeográfica do nacemento de Xesús.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.</li> <li>- Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación.</li> <li>- Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores.</li> <li>- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.</li> <li>- Identidade cristiá e contorna social.</li> <li>- Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas.</li> <li>- Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo.</li> <li>- A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos.</li> <li>- Calendario litúrxico e celebracións cristiás.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	O pequeno Xesús e mais eu.	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.4 - Desenvolver hábitos de acollida e amabilidade aprendidos a través de contos e narracións bíblicas sobre a vida en comunidade.	Ten actitudes e comportamentos de acollida con respecto as súas compañeiras e compañeiros, amosándose respetuoso, amigable e colaborativo.	TI
CA1.6 - Xeneralizar actitudes de respecto e mediación para xerar vínculos significativos de amizade e afecto, escoitando con atención relatos bíblicos nos que se considere a importancia da	Adopta actitudes e comportamentos encamiñados a xerar ambientes de convivencia pacífica que favorecan situacións de amizade e permitan a creación de vínculos afectivos.	
CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo	Favorece e participa na creación de espazos pacíficos e inclusivos nos que todas e todos nos sintamos valorados, amosando actitudes de respecto e convivencia positiva.	
CA1.8 - Recoñecer sentimentos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón, observándoas en personaxes de narracións bíblicas.	Recoñece o valor do "perdón" na construción dunha convivencia pacífica e que avance cara a súa mellora, identificando e implementando accións que precisan do perdón para avanzar na convivencia.	
CA1.9 - Comprender actitudes de cooperación para a consecución de espazos pacíficos de convivencia, escoitando narracións e relatos bíblicos que propoñan modelos de respecto á diversidade	Identifica nos relatos bíblicos da infancia de Xesús e contos actitudes de colaboración e amizade, e é quen de levarlos ao seu ámbito diario para a construción de espazos pacíficos.	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Participa activamente na elaboración de producións artísticas, valorando, con certo grao de espírito crítico, os resultados dende a positividade. Desenvolve accións de cooperación e colaboración nas actividades propostas da aula.	

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubrindo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É capaz de manter momentos de silencio, escoita activa e reflexión nos diferentes momentos do traballo da aula, amosándose respetuoso e valorando as aportacións e opinións dos demais.	
CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade.	Recoñece nas narracións sobre a infancia de Xesús e contos, valores positivos que levamos a nosa vida diaria e que posibilita a convivencia e a creación de ambientes relaxados e amigables.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.</li> <li>- O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus.</li> <li>- A igualdade e dignidade de todos os seres humanos á luz do Evanxeo.</li> <li>- Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores.</li> <li>- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.</li> <li>- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión.</li> <li>- Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais.</li> <li>- Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá.</li> <li>- Actitudes de amabilidade, acollida e gratitude como expresión de respecto aos demais.</li> <li>- Valoración das relacións sociais, en especial da amizade.</li> <li>- Presentación de diversos relatos bíblicos que reflectan as accións e sentimentos de Xesús de Nazaret cara aos máis necesitados.</li> <li>- Actitudes de solidariedade e cooperación para unha sociedade participativa e inclusiva.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Estamos xa en Pascua!	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.3 - Expresar as capacidades afectivas e calidades recoñecendo posibilidades e limitacións, utilizándoos para o seu coidado e o da súa contorna e para afrontar dificultades.	É quen de expresar, dende o principio de asertividade, as súas emocións e sentimentos, identificando as súas propias limitacións e pedindo axuda cando a precisa.	TI
CA1.8 - Recoñecer sentimentos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón, observándoas en personaxes de narracións bíblicas.	Recoñece o valor do "perdón" na construción dunha convivencia pacífica e que avance cara a súa mellora, identificando e implementando accións que precisan do perdón para avanzar na convivencia.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza.	Recoñece e pode describir algunhas das manifestacións culturais relacionadas coa celebración do tempo litúrxico da Pasuca.	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Participa activamente na elaboración de producións artísticas, valorando, con certo grao de espírito crítico, os resultados dende a positividade. Desenvolve accións de cooperación e colaboración nas actividades propostas da aula.	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubrindo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É capaz de manter momentos de silencio, escoita activa e reflexión nos diferentes momentos do traballo da aula, amosándose respetuoso e valorando as aportacións e opinións dos demais.	
CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.	Identifica a Xesús de Nazareth como protagonista da festa da Pascua.	
CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións.	Participa dun xeito activo nas actividades propostas na aula, aplicando accións encamiñadas a amosar respecto e axuda cara a participación e aportacións dos compañeiros.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.</li> <li>- Comunicación das propias emocións cando perdoamos e somos perdoados.</li> <li>- Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores.</li> <li>- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.</li> <li>- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión.</li> <li>- Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá.</li> <li>- Habilidades para a mediación e a resolución de conflitos: escoita activa, diálogo construtivo, asertividade e perdón.</li> <li>- Narracións bíblicas que propoñen o perdón, a misericordia e a solidariedade como características do Reino de Deus.</li> <li>- Identidade cristiá e contorna social.</li> <li>- Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo.</li> <li>- A oración de Xesús.</li> <li>- Calendario litúrxico e celebracións cristiás.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Contos que emocionan.	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.10 - Expresar en diversas linguaxes os costumes sociais da contorna que reflicten a vivencia de valores cristiáns, mostrando respecto e aprecio.	Emprega diversas linguaxes e soportes para expresar a riqueza e costumes sociais da súa contorna máis próxima, sempre en relación co seu entorno afectivo máis próximo.	TI
CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza.	Identifica algunha das manifestacións culturais agochadas nos contos traballados, espertando diálogos onde manifesten de xeito respetuoso as súas vivencias e experiencias.	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Participa activamente na elaboración de producións artísticas, valorando, con certo grao de espírito crítico, os resultados dende a positividade. Desenvolve accións de cooperación e colaboración nas actividades propostas da aula.	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É capaz de manter momentos de silencio, escoita activa e reflexión nos diferentes momentos do traballo da aula, amosándose respetuoso e valorando as aportacións e opinións dos demais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.</li> <li>- Calidades e talentos persoais propostos en figuras bíblicas e outras biografías significativas.</li> <li>- Relatos bíblicos e biografías doutros personaxes da cultura da contorna que poñen de manifesto o valor da interioridade e a experiencia relixiosa.</li> <li>- Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores.</li> <li>- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.</li> <li>- Identidade cristiá e contorna social.</li> <li>- Identificación de costumes sociais e manifestacións culturais ou artísticas, como expresión da fe cristiá.</li> <li>- Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas.</li> <li>- A figura da Virxe María.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Contos que ensinan: "A que sabe a lúa?" Michael Grejniec.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.5 - Adquirir valores de escoita e agradecemento nas súas relacións sociais próximas para relacionarse cos demais de maneira asertiva.	É quen de escoitar adtivamente e con interese as aportacións de compañeiras e compañeiros, comparte traballos e pon en práctica actitudes de agradecemento nas súas relacións sociais.	TI
CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo	Favorece e participa na creación de espazos pacíficos e inclusivos nos que todas e todos nos sintamos valorados, amosando actitudes de respecto e convivencia positiva.	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Participa na elaboración de producións artísticas, valorando, con certo grao de espírito crítico, os resultados dende a positividade. Participa e colabora nas diferentes propostas de traballo da aula.	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubrindo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É capaz de manter momentos de silencio, escoita activa e reflexión nos diferentes momentos do traballo da aula, amosándose respetuoso e valorando as aportacións e opinións dos demais.	
CA1.14 - Identificar e expresar algúns sentimentos e conviccións, coñecendo oracións, cancións e prácticas relixiosas, acolléndolas cunha actitude de asertividade e respecto.	É capaz de verbalizar e expoñer dun xeito ordenado e tranquilo emocións, vivencias e sentimentos apoiándose en diferentes soportes: debuxos, imaxes, cancións, contos, etc. adoptando actitudes de asertividade nas súas exposicións.	
CA1.15 - Describir as crenzas e valores, propias e doutros, comunicándoas con seguridade a través de diversas linguaxes, recoñecendo o silencio e a oración como elementos da experiencia es	Pode expoñer dun xeito ordenado e claro experiencias e vivencias propias empregando diversos linguaxes e soportes artísticos.	
CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade.	Recoñece nas narracións sobre a infancia de Xesús e contos, valores positivos que levamos a nosa vida diaria e que posibilita a convivencia e a creación de ambientes relaxados e amigables.	
CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións.	Respecta as diferentes formas de celebrar, sentir e expresar as vivencias das compañeiras e compañeiros da aula amosando interese.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.</li> <li>- Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais.</li> <li>- Relatos bíblicos e biografías doutros personaxes da cultura da contorna que poñen de manifesto o valor da interioridade e a experiencia relixiosa.</li> <li>- Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores.</li> <li>- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.</li> <li>- Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos.</li> <li>- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión.</li> <li>- Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá.</li> </ul>

## Contidos

- Valoración dun clima de convivencia harmónico, inclusivo e pacífico construído entre todos: o diálogo e a empa-tía.
- A fraternidade humana: fillos e irmáns dun único Deus.
- A vida cristiá en comunidade.
- Actitudes de solidariedade e cooperación para unha sociedade participativa e inclusiva.
- Identidade cristiá e contorna social.
- As oracións e prácticas cristiás máis comúns na contorna social.
- A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos.
- A relación da persoa con Deus e as súas expresións comunitarias: a Igrexa.
- A riqueza da interculturalidade como oportunidade de desenvolvemento persoal e social.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía para a materia de relixión católica fundaméntase na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, en experiencias de aprendizaxe significativo e emocionalmente positivas, no coidado do desenvolvemento afectivo e cognitivo dos alumnos e alumnas, no aprendizaxe individualizado e cooperativo, na relación dos aprendizaxes coa contorna, nun enfoque competencial orientado á acción, ao emprendemento e á aplicación dos saberes.

Para a atención personalizada, na aula utilizamos dinámicas de educación emocional e comunicación empática. O método de traballo pode ser individual ou cooperativo, en grupo pequeno ou con todo o grupo-clase: realizaranse tarefas que promovan a colaboración, non a competitividade, e aplicaranse técnicas de traballo formal e non formal. Aplicaremos os principios do DUA (Deseño Universal de Aprendizaxe) proporcionando varios xeitos de implicación, múltiples formas de representación da información e múltiples formas de acción e expresión do aprendizaxe. Trátase de que todo o alumnado teña oportunidade de aprender.

A nivel máis concreto usaremos situacións de aprendizaxe que recrean na aula situacións significativas e cotiás do entorno persoal, familiar, social e cultural dos nenos e nenas e que se refiren ás súas necesidades e intereses.

A complexidade dos retos e problemas que presentan estas situacións serán axeitados ao desenvolvemento do alumnado. As actividades que se programen terán que provocar o diálogo, o pensamento creativo e autónomo, o bó trato, a convivencia e o respecto á diferenza.

Outra metodoloxía fundamental nesta etapa é o xogo. Utilizaranse xogos que traballen e desenvolvan a atención, memoria, imaxinación, creatividade, comunicación e a expresión en diferentes linguaxes.

En resumo, a metodoloxía de traballo baséase nos seguintes puntos:

- Traballo por tarefas integradas, relacionados coa vida cotiá que terán que resolver de modo grupal, interactuando e argumentando as súas decisións.
- Contextos compartidos: cunha periodicidade semanal realizaremos agrupamentos por ciclo para traballar tarefas, proxectos e/ou obradoiros concretos.
- Aprendizaxe cooperativa. Establecemos unha liña de aprendizaxe cooperativo desde 3 anos ata 6º, traballando unhas estruturas e dinámicas básicas que se van ampliando segundo avanza a súa escolaridade. Coa aprendizaxe cooperativa buscamos atender á diversidade e lograr unha escola inclusiva.
- Atenderase aos ritmos e necesidades individuais do alumnado.
- Xogos e dinámicas de grupo e interpersoais entre os distintos nenos/as.
- Atenderase as intelixencias múltiples.
- Traballaremos en relación cos proxectos que vaian xurdindo de xeito global e integrado.
- Partiremos do método científico e da resolución de problemas funcionais e relacionados coa experiencia cotiá para propiciar que o alumnado empregue habilidades de razoamento e reflexión.
- Enfoque globalizado, de xeito que a través dos proxectos, tarefas e actividades a traballar se engloben todas as áreas posibles.
- Empregaranse as novas tecnoloxías da información e a comunicación como medio para mellorar a nosa expresión e

como búsqueda e tratamento da información.

- Partiremos da aprendizaxe significativa para crear novosp coñecementos.
- Potenciaremos o desenvolvemento das habilidades sociais e grupais.
- Traballaremos moitas competencias a través de experiencias directas como no caso do horto escolar.
- Potenciarase a aprendizaxe lúdica e a participación activa.
- Proporcionarase variedade de recursos e espazos, así como flexibilización temporal en función das necesidades individuais ou de grupo.
- Autoavaliación do alumnado e do profesorado. O alumnado e o profesorado terán que autoavaliar o seu traballo, as súas melloras, o seu logro dos obxectivos, os seus puntos fortes e aqueles aspectos nos que haxa que mellorar.
- Aprender a pensar. Promoveranse estratexias para aprender a razoar e a argumentar as súas opinións; así como a defender as súas ideas.
- Aprender a observar, a analizar e deducir o que entra polos nosos sentidos.
- Potenciación da lectura comprensiva e o gusto pola lectura no seu tempo de lecer como aspecto fundamental para a adquisición de aprendizaxes..

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa e dirixida ao logro dos obxectivos de das competencias clave. Atenderase aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e a atención personalizada en función das necesidades individuais do alumnado; de xeito que se establezan os mecanismos de reforzo no momento que se detecten as dificultades de aprendizaxe.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Fundamentalmente contos que traballen principalmente valores e emocións; sinxelos relatos bíblicos.
Materiais funxibles para producións artísticas (ceras de cores, lápices, témperas, papeis de cores, rotuladores...)
Monicreques
Paracaídas
Mandalas
Materiais audiovisuais
Murais
Imaxes de cadros, esculturas ou edificios relacionados co cristianismo, producións propias.

Os materiais para producións artísticas, os xogos e outros elementos lúdicos usaranse para provocar a resposta creativa do alumnado perante as situacións de aprendizaxe propostas, para facilitar a autoexploración interior, o recoñecemento de distintas emocións e como canalizalas e a relación entre as actividades cooperativas e o grao de satisfacción persoal.

Os materiais audiovisuais que se utilizan son curtametraxes, contos ou fábulas, vídeos ou audicións de rutinas de interiorización guiadas.

Os monicreques representan a personaxes bíblicos para contar as narracións das que son protagonistas, ou personaxes dos contos que se usan cunha finalidade pedagóxica.



## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Facer unha avaliación inicial permítenos apreciar os coñecementos previos do alumnado para realizar as adaptacións oportunas e necesarias e poder partir dos seus coñecementos previos á hora de levar a cabo o desenvolvemento das diferentes secuencias didácticas e actividades

Neste nivel usaremos unha rutina de pensamento visual, diálogos, exposicións de experiencias vitais para nenos e nenas coa finalidade de explorar o grao de coñecemento sobre os diferentes contidos que se van traballar en cada momento do curso, sempre partido do entorno máis cercano ao neno.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Criterios de cualificación:

A avaliación en Educación Infantil será global, continua e formativa e levarase a cabo de xeito sistemático.

Os criterios na Educación infantil pretenden ser para o profesor algúns indicadores na avaliación continua e observación do alumnado co fin de reconducir o seu propio aprendizaxe. O criterio esencial é coñecer ao neno ou nena e axudarlle no seu crecemento.

Farase a partir da análise das producións do alumnado, as escalas de valoración ou cotexo, e a observación directa e sistemática, observando as condutas e os comportamentos dos nenos e nenas, as relacións que establecen cos seus iguais e os procesos de ensino e aprendizaxe.

Como en todas as áreas de Ed. Infantil, na avaliación valórase sobre todo o progreso e o grao de consecución dos obxectivos, así como o interese do alumnado.

### Criterios de recuperación:

En calquera clase de educación infantil hai alumnos e alumnas con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación.

A diversidade de actividades, materiais e estratexias utilizados posibilita que todo o alumnado poida atopar algún que estea de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.

Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio. O obxectivo de que todo alumno/a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e acade o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A atención educativa á diversidade é o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Ten como finalidade favorecer ao desenvolvemento persoal e social de cada un dos alumnos e alumnas e o seu potencial de aprendizaxe facilitándolles a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos.

Ríxese polos principios de normalización e inclusión, equidade e igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción de convivencia.

- O primeiro paso será identificar o tipo de dificultades que ten un alumno ou alumna xa que poden deberse a dificultades

específicas, problemas emotivo - relacionais e/ou de conduta, altas capacidades intelectuais ou condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorable.

- Porase especial coidado en formar grupos heteroxéneos no traballo colaborativo que favorezan a inclusión de todo o alumnado.

- Favorecer a aprendizaxe con materiais manipulativos que poidan facilitar o desenvolvemento dos alumnos e alumnas.

- Fomentar a mellora do autoconceito e a autoestima, aprendendo a reflexionar sobre si mesmos.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Reforzar os logros, por pequenos que sexan, para motivar os/as alumnos/as nas aprendizaxes.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Educación para a paz		X	X			
ET.2 - Educación para a igualdade de xénero	X		X		X	
ET.3 - Educación para a saúde	X		X			
ET.4 - Educación para a sustentabilidade e a ecoloxía	X					
ET.5 - Educación para o consumo responsable	X					X
ET.6 - Educación para a solidariedade	X	X	X	X	X	X

#### Observacións:

Os elementos transversais citados estarán presentes en todas as unidades recollidas na presente programación, estando interrelacionados e sempre en relación coa realidade máis cercana a nenas e nenos. Os contidos traballados en relixión católica fan un especial fincapé nos transmisión dos valores universais e na educación emocional, polo tanto estarán sempre presentes no quefacer diario dentro da aula.

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Mural "A que sabe a Lúa?"	Un mural que levaremos a cabo a través de dinámicas cooperativas.	X	X	
O Nadal.	Sesións de Contacontos de Nadal. Elaboración de manualidades navideñas para levar a casa.	X		
Día da Paz	O alumnado deste nivel participará nas actividades propostas dende a biblioteca escolar ou dende oo equipo de aextraescolares para festexar o día 30 de xaneiro.		X	
Pascua.	Sesión de contacontos sobre a Pascua e elaboración de manualidades relacionadas coa tradición cultural en cuestión.		X	X

#### Observacións:

E todas aquelas que poidan xurdir froito do interese dos nenos e nenas; actividades propostas a nivel de centro... Polo tanto todas as actividades complementarias a principio de curso terán un carácter aberto e flexible, co obxectivo de adaptarnos a todos os imprevistos..

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realizo a miña programación de aula de forma coherente e meditada.
Emprego técnicas e instrumentos de avaliación variados que orienten o alumnado para o seu desenvolvemento.
Utilizo a avaliación para favorecer a aprendizaxe.
Fomento a autoavaliación e a coavaliación.
<b>Metodoloxía empregada</b>
Creo materiais didácticos para apoiar o aprendizaxe.
Aplico diversas metodoloxías para promover o aprendizaxe activo.
Vínculo o aprendizaxe ca vida real.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
Realizo actividades baseadas no aprendizaxe cooperativo.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Adapto as actividades a diversidade da aula.
<b>Clima de traballo na aula</b>
Potencio a participación dos alumnos na aula.
<b>Outros</b>
Reflexiono sobre o meu exercicio docente establecendo puntos febles e fortes.
Realizo formación para mellorar como profesional máis alá da que me proporciona e suxire o centro.

### Descrición:

A avaliación é un elemento esencial no proceso de ensinanza-aprendizaxe e debe aplicarse tanto na aprendizaxe dos alumnos coma na revisión da práctica docente. Recoller sistemáticamente información relevante sobre a nosa práctica docente permítenos reaxustar a intervención educativa de acordo coas aprendizaxes reais do alumnado. A finalidade non é outra que mellorar o proceso de aprendizaxe de cada alumno, o funcionamento do grupo clase, a nosa propia práctica e o funcionamento do centro escolar.

Utilizaremos como ferramenta de autoavaliación docente unha lista de control de diferentes ítems Esta lista pretende ser unha guía para revisar a nosa actividade docente e poder crear a partir das nosas repostas novas liñas de mellora cara o próximo curso. Para cumprimentar esta lista de control debemos marcar a casilla na que nos atopamos en relación o ítem exposto. Para iso dispoñemos de catro niveis de frecuencia: Nivel 1: pouco. Nivel 2: ás veces. Nivel 3: frecuentemente. Nivel 4: sempre.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Revisaremos a programación trimestralmente. Como instrumento de avaliación empregaremos un cadro no que se reflicten diferentes aspectos:

- Motivación inicial do alumnado e durante todo o proceso.
- Presentación dos contenidos.
- Recursos e organización.
- Clima da aula.
- Seguimento/control de ensino/aprendizaxe.
- Diversidade.

Como propostas de mellora destacamos a optimización dos tempos nas sesións. A estrutura física do colexio ( ten catro andares) dificulta os desprazamentos do alumnado de infantil, especialmente en 3 anos e reduce de xeito significativo a duración das sesións.

.-Programar as tarefas e actividades das unidades didácticas tendo máis en conta as pausas lectivas para coordinar as clases das dúas liñas deste nivel.

## 9. Outros apartados